



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

COMISIÓN GALEGA DA
COMPETENCIA

PRESENTACIÓN

COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA

COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA

Presidente

Ignacio López-Chaves Castro

Vogal / Secretario

Daniel Neira Barral

Vogal

M.^a Teresa Cancelo Márquez

Subdirector Xeral de Investigación

José Antonio Rodríguez Míguez

Antonio Miño López (en comisión de servicios)

MEMORIA DA ACTIVIDADE DA COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA 2023

Índice

1.- Presentación.....	5
2.- Análise de actividades da CGC durante o ano 2023.....	9
2.1- Actividades de promoción de defensa da competencia.....	9
2.2 Actividades de defensa da competencia.....	40
3. Revisión xudicial das actuacións da CGC.....	73
4.- Plan de actividades e obxectivos 2024.....	75
4.1.- Defensa da competencia.....	75
4.2.- Promoción da competencia.....	79
4.3.- Formación en materia de competencia.....	88
4.4.- Colaboración coa CNMC e as autoridades autonómicas de competencia.....	88
4.5.- Contratación pública e Función arbitral.....	91

1.- Presentación

O adecuado funcionamento dos nosos mercados, o que inclúe a protección da competencia e dos consumidores, é un obxectivo fundamental do Dereito e, por tanto, tamén desta Comisión Galega da Competencia.

Esta Autoridad Autonómica é un órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, e exerce, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, dos seus estatutos e demais normativa, a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

La Comisión Galega da Competencia é a Autoridade de Competencia en Galicia, que se configura, como se recolle no artigo 38 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, coma o órgano colexiado independente encargado da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC). As previsións recollidas en dita lei 14/2013 son desenvolvidas no Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos.

A razón da aparición das autoridades autonómicas de competencia a partir dos inicios deste século encontra a súa razón de ser na sentenza do Tribunal Constitucional 208/1999 de 11 de novembro, que resolveu dous recursos de inconstitucionalidade respecto da anterior LDC (Lei 16/1989, de 17 de xullo). Esta sentenza recoñeceu “competencias executivas” (non lexislativas, que corresponden ao Estado central) en materia de dereito da competencia ás Comunidades Autónomas, pero limitada ás que deban de realizarse dentro do territorio desa Comunidade Autónoma e non ás que afectasen ao mercado de varias Comunidades Autónomas, en cuxo caso correspondería ao Estado.

Esta Sentenza do Tribunal Constitucional deu lugar ao establecemento dun sistema administrativo de aplicación da lexislación nacional de defensa da competencia territorialmente descentralizado, no que o Estado Central e as Comunidades Autónomas asumen competencias executivas exclusivas e excluíntes para o control, persecución e sanción das condutas restrictivas da competencia.

Os efectos do fallo do Tribunal Constitucional traducíronse na necesidade de establecer, mediante Lei estatal, o marco para o desenvolvemento das competencias executivas do Estado e as Comunidades Autónomas previstas na Lei de defensa da competencia LDC (que foi a referida Lei 1/2002).

Para fixar esa distribución a lei establece os puntos de conexión que delimitan xenéricamente o exercicio das competencias por parte do Estado e das Comunidades Autónomas. Estes puntos baséanse na Sentencia do Tribunal Constitucional de 11 de novembro de 1999 segundo o cal, a competencia obxetiva que cabe atribuír ás Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia áchase limitada a aquelas actuacións executivas que teñan que realizarse no territorio de cada Comunidade Autónoma e que non afecten ao mercado supraautonómico. Iso implica que a competencia do Estado se estende non só á normación, senón tamén a tódalas actuacións executivas en relación con aquelas prácticas que poidan alterar a libre competencia no ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional, aínda que tales actuacións se realicen no territorio dunha Comunidade Autónoma.

Na consecución destes fins, a Comisión desempeña a función de instruír e sancionar as condutas empresariais prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) e que teñan efectos unicamente na Comunidade Autónoma de Galicia.

En particular, correspóndelle á Comisión a instrución e a resolución dos procedementos que se tramiten sobre condutas relativas a:

- a) Acordos, decisións ou recomendacións colectivas, ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas, prohibidas no artigo 1º, da LDC.

- b) Condutas de explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio no mercado, prohibidas polo artigo 2º da LDC.
- c) Actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten ao interese público, prohibidos polo artigo 3º da LDC.

Ao mesmo tempo, a Comisión Galega da Competencia exerce as seguintes funcións:

- a) Colaboración e coordinación coa Comisión Nacional da Competencia da Administración Xeral do Estado e cos Xulgados do Mercantil, nos procedementos de aplicación da lexislación de competencia
- b) Elaboración de informes en materia de control de axudas públicas
- c) Funcións de arbitraje que lle soliciten os operadores
- d) Funcións consultivas sobre cuestións relacionadas coa defensa da competencia, a instancia das Administracións Públicas ou das asociacións de empresarios ou de consumidores
- e) Función de promoción da competencia efectiva nos mercados da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a elaboración de informes xerais sobre a competencia ou sobre determinados sectores económicos e o seguimento dos efectos sobre os mercados das actuacións públicas, emitindo, no seu caso, propostas normativas para a remoción dos obstáculos para a competencia derivados da actuación pública.
- f) Función de asesoramento e representación

A normativa reguladora de competencia veuse modificada polo Real Decreto-lei 5/2023, de 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraia, de apoio á reconstrución da illa de La Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os cuidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea, que introduciu algúns cambios na Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia.

A principal reforma que afectou á Lei 15/2007 foi a relativa á alteración dos prazos de determinados procedementos, coma o incremento dos dezaoito aos vintecatro meses, a contar desde a data de incoación, do prazo máximo para dictar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restrictivas da competencia. Tamén

se incrementou de quince días a un mes o prazo para formular alegacións tanto ao prego de concreción de feitos coma á proposta de resolución. Non foron incorporadas ao texto deste Real Decreto-lei 5/2023, algunhas das modificacións da Lei 15/2007 previstas no proxecto de Lei pola que se creaba a Autoridade Administrativa Independente de Defensa do Cliente Financieiro, cuxa tramitación decaeu pola convocatoria de eleccións xerais do 23 de xullo e a conseguinte disolución das Cortes Xerais, como eran, por exemplo, a introducción do procedemento de transacción (*settlement*), en liña coa práctica da Comisión Europea ou o incremento do importe máximo da multa que as autoridades de competencia poderían impoñer ás persoas físicas directivas.

Durante o ano 2023 entrou en vigor a modificación do art. 150.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que introduce un procedemento sumarísimo no que se prevé que os órganos de contratación deban de comunicar á autoridade de competencia, con carácter previo á adxudicación do contrato, os indicios fundados de colusión no seno de licitacións públicas, de aqueles contratos suxeitos a regulación harmonizada.

Sentado o anterior, esta memoria recolle a súa actividade ao longo do ano 2023, durante o cual o Pleno reuniuse en 17 ocasións e iso tivo como resultado as accións que se detallarán a continuación. Así, esta memoria dividirase en catro apartados, sendo o segundo o de principal relevancia, con dous sub-capítulos, o primeiro respecto á promoción da competencia e, o segundo, sobre a súa defensa. No primeiro dos referidos sub-capítulos incluíranse, non só os informes máis específicos sobre promoción da competencia, senón tamén aqueles de carácter consultivo e normativo, por entenderse que así mesmo conforman e enriquecen dita función.

2.- Análise de actividades da CGC durante o ano 2023

2.1- Actividades de promoción de defensa da competencia

As seguintes táboas representan a actividade da CGC en materia de promoción da competencia, o que abarca tanto o desenvolvemento de informes específicos de promoción da competencia (IPRO), de función consultiva (IFC), e de proxectos normativos (IPN), coma as actividades de difusión.

Cuadro 1.- Resumo das actividades de promoción de defensa da competencia

INFORMES			
Nº	TIPO	DATA	NOME
1/2023	Promoción da competencia (IPRO)	18/10/2023	Informe sobre as modificacións introducidas na Lei de Contratos do Sector Público pola Lei 31/2022, que afectan á competencia
2/2023	Promoción da Competencia (IPRO)	28/12/2023	Informe sobre a necesidade de garantir a eficacia na asignación dos recursos públicos para defender a competencia: os corredores ferroviarios de mercancías e a exportación
3/2023	Promoción da Competencia (IPRO)	28/12/2023	Informe implantación de programas de cumprimento en materia de defensa da competencia no sector empresarial galego
1/2023	Función consultiva (FC)	23/03/2023	Consulta sobre o impacto que desde o punto de vista da competencia ten para a flota de capital galego, dedicada á captura de merluza con palangre de fondo, a entrada en vigor do Regulamento de execución (UE) 2022/1614, da Comisión Europea de 15

INFORMES			
Nº	TIPO	DATA	NOME
			de setembro de 2022, así coma do Regulamento (UE) 2016/2336 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de 2016 polos que se establecen as condicións específicas aplicables á pesca de poboacións de augas profundas no Atlántico Nororiental
1/2023	Proyectos normativos (IPN)	31/07/2023	O Anteproxecto de Lei da Calidade alimentaria de Galicia
2/2023	Proxectos normativos (IPN)	29/11/2023	Proxecto de decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para o suministro de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios
3/2023	Proxectos normativos (IPN)	19/12/2023	Proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e regula o funcionamento do consello autonómico de acreditación de centros sanitarios da comunidade autónoma de Galicia

Cuadro 2.- Extracto dos informes de promoción de competencia do ano 2023

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
1/2023	Promoción da competencia (IPRO)	18/10/2023	Informe sobre as modificacións introducidas na Lei de Contratos do Sector Público pola Lei 31/2022, que afectan á competencia
EXTRACTO			
O informe sobre as modificacións introducidas na Lei de Contratos do Sector Público pola Lei 31/2022, de 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2023, que afectan á competencia, emitíuse de oficio por parte da CGC. A principal modificación que a Lei 31/2022 realiza na LCSP, e que afecta á competencia, é que da unha nova redacción á Disposición final decimosexta da LCSP, eliminando a referencia á que a entrada en vigor do terceiro parágrafo do apartado 1 do art. 150 se producirá no momento en que o faga a disposición reglamentaria á que se refería o mesmo. En particular, o art. 150 LCSP regula a clasificación das ofertas e a adxudicación do contrato e prevé que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas para posteriormente elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, no caso de que a clasificación se realice pola mesa de contratación. O parágrafo 3 do apartado 1 do artigo 150 dispoñía, antes da súa reforma pola Lei 31/2022, que: "se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación, ou no seu defecto, o órgano de contratación, tivera indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no senso definido no artigo 1 da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, trasladaraos con carácter previo á adxudicación do contrato á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, a efectos de que a través dun procedemento sumarísimo se pronuncie sobre aqueles. A remisión de ditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se a remisión a realiza a mesa de contratación dará conta de iso ao órgano de contratación. Reglamentariamente regularase o procedemento ao que se refire o presente parágrafo". Esta previsión do art. 150, de acordo coa Disposición final			

decimosexta da LCSP, non entrara aínda en vigor, pois non se regulara reglamentariamente o procedemento ante a autoridade de defensa da competencia.

A Lei 31/2022 modifica o apartado 1 do art. 150 e fixa o procedemento para cando se aprecien indicios fundados de condutas colusorias. A nova regulación prevé que nos contratos suxeitos a regulación harmonizada que celebren calquera das entidades suxeitas á LCSP, se se apreciasen indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación en tramitación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, o órgano de contratación, de oficio ou a instancia da mesa de contratación, trasladaraos con carácter previo á adxudicación do contrato á CNMC ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente co fin de que, no prazo de 20 días hábiles, emita un informe sobre o carácter fundado ou non de tales indicios.

Por outro lado, a Lei 31/2022 tamén modifica o apartado 2 do artigo 69 da LCSP para regular o procedemento cando haxa posibles indicios de colusión entre empresas que concurran agrupadas nunha unión temporal. Establece que cando no exercicio das súas funcións a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación apreciara posibles indicios de colusión entre empresas que concurran agrupadas nunha unión temporal, aplicarase o procedemento establecido no artigo 150.1 da LCSP.

No mesmo sentido, a Lei 31/2022 modifica, a través da súa Disposición final décima novena, a Disposición adicional octava da Lei 24/2011, de 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade, sobre as prácticas contrarias á libre competencia. Establece agora a norma que os órganos de contratación, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e os órganos competentes para resolver o recurso especial en materia de contratación notificarán á CNMC ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente calquera feito dos que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituir infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación. Aplicarase a esta comunicación o establecido no artigo 150.1 da LCSP no

referente aos seus requisitos, ao seu procedemento e aos seus efectos.

Así mesmo, remite o procedemento do artigo 150.1 da LCSP a normativa de contratación nos sectores especiais, xa que a Lei 31/2022, a través da súa Disposición final trixésima, modifica o Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

O informe inclúe unha Guía para a notificación de indicios de prácticas colusorias na contratación pública conforme ao art. 150 da LCSP. Nel se informa como actuar as mesas de contratación ou órganos de contratación neses casos.

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
2/2023	Promoción da competencia (IPRO)	18/12/2023	Informe sobre a necesidade de garantir a eficacia na asignación dos recursos públicos para defender a competencia: os corredores ferroviarios de mercancías e a exportación
EXTRACTO			
A promoción da competencia, que é un pilar fundamental de actividade das autoridades de competencia, o que persegue é mellorar a calidade da intervención dos poderes públicos e trata de evitar que como consecuencia da mesma se produza, indesexadamente para a sociedade, un dano para a competencia que non estea xustificada pola existencia de intereses públicos. Por iso, este Pleno, ademais de resolver os expedientes derivados de presuntas prácticas restritivas da competencia, donde a súa función ten un carácter esencialmente reactivo, tomou conciencia da necesidade de adoptar un enfoque proactivo na mellora do funcionamento competitivo dos mercados en Galicia entendendo que para iso debe exercer de maneira o máis intensa posible, as súas atribucións en materia de promoción da competencia e de garantía da unidade de mercado. O Pleno coa finalidade de evitar que se introduzan barreiras innecesarias ou desproporcionadas á competencia nos mercados e se apliquen, na medida do posible, criterios de eficiencia nas inversións en infraestruturas públicas elaborou este informe na medida en que aínda que non corresponde ás autoridades de competencia definir cales deben de ser as políticas públicas, se poden aportar propostas para que o desenvolvemento destas sexa o máis eficiente posible para o mercado, realizando unha análise do coste-beneficio do proxecto. Desde esta ampla perspectiva e adoptando o indicado enfoque proactivo, o Pleno analizou os proxectos para poñer en marcha en Galicia e no noroeste de España o chamado Corredor Atlántico de mercadorías desde o punto de vista do impacto que esa intervención pública pode orixinar nos operadores económicos, así como en xeral nas empresas de transporte e considerar a eficiencia desa inversión na asignación de recursos públicos desde o punto de vista da competencia. No Informe de Promoción a CGC concluíu que en España o uso do tren como modo de transporte de mercadorías tanto se se examina no reparto modal dos medios de			

transporte como en mercadería transportada segue sendo escaso, polo que aínda que un dos obxectivos das políticas da UE establecidos pola Comisión é o de transferir o transporte de mercadorías da carretera ao ferrocarril, en España, tanto no que se refire ao tráfico nacional coma ás exportacións, o resultado é moi insatisfactorio.

España é un dos países con menor uso do tren para o transporte de mercadorías de tódolos países da UE. Só teñen peores datos que España na porcentaxe do uso de ferrocarril como medio de transporte de mercadorías en toneladas por km países como Irlanda e Grecia, sendo a porcentaxe de España catro veces inferior á da media da UE.

En España, a pesar da liberalización dos servizos de transporte de mercadorías por ferrocarril, acredítase a existencia dun forte poder de mercado por parte do operador público RENFE. Con todo obsérvase nos últimos anos unha redución superior de dito operador público na porcentaxe das toneladas transportadas coma das toneladas-kilómetro netas en comparación co resto de operadores ferroviarios.

En España, a pesar da liberalización dos servizos de transporte de mercadorías por ferrocarril, acredítase a existencia dun forte poder de mercado por parte do operador público RENFE. Con todo obsérvase nos últimos anos unha redución superior de dito operador público na porcentaxe das toneladas transportadas coma das toneladas-kilómetro netas en comparación co resto de operadores ferroviarios.

A finalidade da construción europea coloca ás infraestructuras do transporte entre aqueles elementos necesarios para realizar de modo efectivo os obxectivos da integración, sendo ao mesmo tempo un instrumento para conseguir o mercado interior da Unión Europea, entendido como tal un mercado único no que circulan libremente os bens, os servizos, o capital e as persoas, e dentro do cal os cidadáns europeos poden vivir, traballar, estudar ou facer negocios con liberdade.

Como se indica no Informe, o ferrocarril leva asociada menores externalidades negativas en comparación con outros modos de transporte de mercadorías como poden ser a conxestión, a contaminación atmosférica, a dependencia enerxética ou a accidentalidade. Adicionalmente fronte á carretera e o avión o tren aporta máis capacidade e fronte ao transporte marítimo menor tempo de traxecto.

A aplicación dos principios de competencia ao transporte ferroviario supuxo unha transformación radical do mesmo, e provocou a ruptura dos monopolios estatais que ata esa data existían con empresas de carácter público fortemente dependentes do Estado, así como significou a desaparición da unidade na xestión de explotación da infraestrutura e a prestación do servizo de transporte por ferrocarril. Con todo o

proceso de liberalización no sector ferroviario tivo un menor éxito que noutros que tamén estiveron en mans de monopolios estatais, sendo o principal motivo diso a natureza da infraestrutura.

Sinala o Informe que é necesario intensificar en España o grado de competencia efectiva no sector ferroviario xa que existen problemas en temas estruturais na administración da infraestrutura, no acceso ao mercado pola existencia de barreras de entrada, así coma nas ventaxas que aínda mantén o operador incumbente que limitan a competencia e gravan os obxectivos de crecemento e emprego.

Neste Informe analizamos a vontade das institucións da UE de incentivar o uso do ferrocarril como medio de transporte de bens entre os territorios dos diferentes Estados e, por tanto, de servir de instrumento para a exportación. Os corredores ferroviarios internacionais de mercadorías deben de ser un deses instrumentos para conectar as diferentes rexións europeas e facilitar a circulación entre as distintas redes nacionais, respondendo a necesidades específicas do mercado de transporte de mercadorías.

Por iso sinala o Informe a importancia de coñecer cales son eses fluxos de mercadorías que, por vía ferroviaria, se producen entre as CCAA de España e o resto dos países da UE. Iso servirá para determinar a importancia que ten un determinado corredor nesa función de proporcionar a infraestrutura necesaria para o correcto funcionamento do mercado interior e aportar información sobre a xustificación de inversión nos corredores co obxectivo de buscar unha maior eficiencia no gasto público.

As razóns da inversión de diñeiro público en infraestruturas ferroviarias para destinarse ao tráfico de mercadorías nun sector que está xa liberalizado debe de buscar xerar ganancias de eficiencias e por iso o primeiro que se recomenda é a realización de estudo, tamén desde o punto de vista de competencia, de tódolos fluxos de exportación (en euros) desde España ao resto de países europeos, estudio que trate de ponderar a neutralidade competitiva e que sirva para garantir a eficiencia nas inversións evitando que a inadecuada aplicación das mesmas supoña para as empresas que se encontren en determinados territorios auténticas barreiras de entrada ao exercicio da súa actividade. No Informe para calcular os fluxos comerciais ferroviarios como indicador do tráfico, tívose en conta o valor (en euros) da mercancía máis que o peso da mesma calculada en toneladas. Neste sentido sinala o Informe a diferenza de valor da tonelada de certos produtos como, por exemplo, entre o cemento e as pezas autos. Por iso o Informe sinala a distorsión que para a determinación da importancia dos corredores e do transporte

de mercadorías ten o facer o cálculo unicamente polo peso. Así mesmo, á hora de determinar os fluxos de movementos e a maior ou menor importancia dos corredores de mercadoría ferroviarios, tivo en conta o Informe, a importancia ao tráfico de exportación máis que ao tráfico interno en España, xa que a finalidade que a Rede Transeuropea busca é a de "(...) permitir que os cidadáns da Unión, os operadores económicos e os entes rexionais e locais participen plenamente dos beneficios resultantes da creación dun espazo sen fronteiras interiores"

Tras a análise comparativa e por anos das exportacións en euros por vía ferroviaria desde España ao resto do mundo o Informe extraeu as seguintes conclusións:

- a) As exportacións por vía ferroviaria con orixe na comunidade Autónoma de Galicia representan casi a cuarta parte de tódalas que por vía ferroviaria realizaron as CCAA peninsulares de España no ano 2022, exactamente o 22,54%.
- b) As exportacións por vía ferroviaria a países membros da UE con orixe na comunidade Autónoma de Galicia significan o 23.50% de tódalas que por vía ferroviaria realizaron as CCAA peninsulares de España no ano 2022.
- c) Esa alta porcentaxe de exportación de Galicia por vía ferroviaria mantívose, polo menos, desde o ano 2017, chegando a alcanzar no 2021 un tercio do total das exportacións das CCAA peninsulares de España (32,21% do exportado por vía ferroviaria a tódolos países do mundo e 33,33% no exportado por ferrocarril a países membros da UE), o que indica que non é un acontecemento puntual ou esporádico.
- d) Nos últimos cinco anos existen tres Comunidades Autónomas que claramente se diferencian do resto na utilización do ferrocarril como instrumento de exportación e que son: Comunidade Valenciana, Castela e León e Galicia.
- e) As exportacións por vía ferroviaria que teñen a súa orixe nas CCAA de Galicia e en Castela e León, situadas no denominado Corredor Atlántico Noroeste, representan unha parte importante de tódalas que durante o ano 2022 realizou España. As exportacións por ferrocarril destas dúas CCAA (que supoñen un total de 4.564.591.380 euros) supoñen o 52.55% de tódalas exportacións que por ese medio de transporte realizaron as CCAA peninsulares de España.
- f) De acordo cos datos de DATACOMEX dos últimos cinco anos o 59,29% das exportacións que por vía ferroviaria realizou España (CCAA peninsulares) teñen a súa orixe en CCAA vinculadas ao Corredor ferroviario Atlántico.
- g) De acordo cos datos de DATACOMEX dos últimos cinco anos o 62,94% das

exportacións que por vía ferroviaria realizou España (CCAA peninsulares) a países da UE teñen a súa orixe en CCAA vinculadas ao Corredor ferroviario Atlántico sendo a diferenza co Corredor ferroviario Mediterráneo de máis de 25 puntos porcentuais, e multiplicando as exportacións realizadas polas CCAA vinculadas ao Corredor Atlántico en 1,69 ás realizadas por CCAA vinculadas ao Mediterráneo.

En resumen, nos últimos cinco anos o Corredor Atlántico foi a infraestrutura ferroviaria máis empregada para as exportacións por tren desde España hacia o resto de países da UE, o que significará unha maior eficiencia das inversións públicas que se executen neste corredor na medida en que cumpre, con máis intensidade, a función de impulsar o mercado único europeo, que é o obxectivo que persigue coa posta en marcha da rede transeuropea de transportes e os corredores ferroviarios.

De acordo con todo iso, a conclusión á que chega o Informe é que as comunidades autónomas de Galicia e Castela e León situadas no Corredor Atlántico aportan á exportación de España por vía ferroviaria máis da metade do total das mesmas, o que implica que a eficiencia no uso desta infraestrutura (Corredor Atlántico noroeste) a efectos do tráfico económico internacional é intensa nesas dúas comunidades autónomas, o que é un dato obxectivo para determinar a razón da execución de inversións públicas nese corredor.

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
3/2023	Promoción da competencia (IPRO)	18/12/2023	Informe implantación de programas de cumprimento en materia de defensa da competencia no sector empresarial galego
EXTRACTO			
Os programas de cumprimento coaduxuan neste labor. Son ferramentas que permiten aos operadores económicos previr e detectar a súa participación en condutas ilícitas, susceptibles de xerar responsabilidade penal e administrativa e afectar á súa reputación. Entre estas condutas inclúense as prácticas contrarias ás normas da defensa da competencia. No ámbito das normas de defensa da competencia, o impulso definitivo das políticas de cumprimento normativo vén da man de dúas importantes referencias lexislativas: 1. A prohibición de contratar coas administracións públicas no caso do empresario sancionado por infraccións graves da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC), prevista no artigo 71.1.b) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público3 (LCSP), e 2. A recente adopción da Directiva 2019/1937, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019 e a súa consecuente transposición coa lei 2/2023 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, coñecida tamén como “Directiva de Whistleblowing” sinala o Informe que para que sexan verdadeiramente efectivos, os programas de cumprimento deben garantir a existencia dun verdadeiro compromiso de cumprimento que se traslade ao proceso de toma de decisións cotiás tanto das persoas físicas que, en nome ou representación de feito ou de dereito da empresa, participan no tráfico mercantil, como do conxunto de traballadores da empresa, permitindo que, desde o ámbito das súas respectivas funcións, detecten ou preveñan prácticas restritivas da competencia. Por iso a CGC realizou unha consulta entre as empresas de Galicia que facturan máis de 100 millóns para os efectos de elaborar un informe sobre o grao de compromiso e implantación no sector empresarial galego dos criterios ou programas de cumprimento en materia de competencia.			

O proceso consistiu nunha consulta para elaborar un informe sobre o grao de compromiso e implantación no sector empresarial galego dos criterios ou programas de cumprimento en materia de competencia realizouse mediante o envío dun cuestionario telemático ás principais empresas e organizacións galegas. (125 en total) Só se consideraron as respostas nas que o remitente se identificaba e a súa achega fora sobre a necesidade, oportunidade ou contido do cuestionario sobre o que versa o presente informe. Os datos identificativos dos participantes foron tratados con carácter confidencial e unicamente se difundiron aos meros efectos estatísticos.

A Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, será a encargada, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, dos seus estatutos e demais normativa, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. Na consecución destes fins, a Comisión desempeña a función de instruír e sancionar as condutas empresariais prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) e que teñan efectos unicamente na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste labor, de acordo coa enquisa coñecen a existencia, labor e funcións da CGC o 66,7% das empresas participantes.

Para que sexan verdadeiramente efectivos, os programas de cumprimento deben garantir a existencia dun verdadeiro compromiso de cumprimento. Isto debe facerse a través do establecemento claro de parámetros de conduta e da posta en práctica das medidas organizativas para o seu desenvolvemento. Ademais, debe trasladarse ao proceso de toma de decisións cotiás dentro da empresa. O obxectivo é que permita a prevención e, no seu caso, detección de prácticas, así como medidas de reacción adecuadas en caso da materialización do ilícito.

Do resultado da consulta detéctase que a maioría das grandes empresas (o 87%) teñen un área, servizo ou departamento específico para a observancia do cumprimento normativo e que o 75% conta cun programa de cumprimento normativo. As principais razóns para implementar ese programa de cumprimento normativo é que este é unha forma de garantir que a empresa cumpre coa lei e a normativa (27,8%) e que garante que os procesos da empresa sexan eficientes e eficaces, creando así unha contorna de

traballo máis seguro (27%). O terceiro motivo de implantación é o de xestionar os riscos de inobservancia ou incumprimento de obrigacións normativas (11%). Estes programas de cumprimento na súa inmesa maioría foi elaborado con medios externos á empresa (88,2%).

Con todo cando examinamos se estas empresas teñen un programa de cumprimento en materia de defensa da competencia a porcentaxe redúcese ao 56,5%. O obxectivo principal dun programa de cumprimento en materia de competencia consiste en identificar os riscos relacionados con eventuais infraccións das normas de competencia e adoptar as medidas correctoras para solucionar e/o mitigar as súas consecuencias. A implantación dun programa de cumprimento de competencia resulta especialmente conveniente se unha empresa foi multada polas autoridades de competencia e enfróntase a unha prohibición de contratar coa Administración. Calquera programa de cumprimento debería poder avaliar, isto é, identificar, analizar e valorar, de forma específica, no seo de cada empresa e de cada unidade que a compón, os riscos aos que se atopan expostas. É o que comunmente se denomina "mapa de riscos". Da consulta se extrae que máis do 56% das empresas recolle no programa de cumprimento normativo en materia de defensa da competencia os ilícitos antitrust tipificados na LDC.

Unha figura clave no cumprimento en materia de competencia é a existencia dun responsable directo do deseño do programa e da súa execución que teña plenas garantías e recursos para poder desenvolver as súas funcións de forma independente e autónoma, o denominado Compliance Officer. As responsabilidades do Compliance Officer parten do deber de informar sobre os posibles riscos e incumprimentos que afectan á organización, pero non se limitan a iso. Trátase dunha función que, para poder cumprir de maneira eficaz e adecuada, require executar unha serie de tarefas de seguimento, control, implementación, capacitación e notificación aos órganos de goberno da empresa. Da consulta resalta que só o 39% das empresas teñen na súa organización un compliance officer de competencia.

É mais numeroso, en cambio, a porcentaxe de empresas que impartiron accións formativas en materia de competencia nas distintas áreas de negocio, xa que alcanza o 54,5% das mesmas. Un programa de cumprimento en materia de competencia é un protocolo de actuación que ten por obxecto instalar unha cultura eficiente de competencia no seo da empresa, a través da formación de toda a organización empresarial (órganos executivos e empregados) en Dereito da competencia e en boas

prácticas que axuden a previr infraccións. A circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado resalta a importancia da formación de directivos e empregados nos modelos de organización e xestión e dispón que serán máis eficaces canto maior sexa o seu nivel de externalización.

Así, un programa de compliance non cumpre cos requisitos necesarios para ser considerado como eximente da responsabilidade da persoa xurídica, se a formación dos empregados non se adecúa ao seu perfil profesional e aos riscos que se poidan xerar no ámbito das súas competencias. O Informe tamén examina a avaliación deses programas pola propia empresa, as previsións para a súa elaboración se carece del, as razóns de non telo e se considera que o non telo non é un risco para a empresa así coma se no plan estratéxico da empresa existe unha declaración de compromiso corporativo coa libre competencia.

As CONCLUSIÓNS do Informe son as seguintes:

- Ao redor do 66,7% dos enquisados coñece a existencia, labor e funcións da CGC.
- O 87% di estar provisto dunha área, departamento ou servizo dedicado ao cumprimento normativo sendo o 75% os que teñen un programa de cumprimento implantado, aínda que só o 43 % identifica a implantación do programa vinculado tamén á competencia e só o 56% dos programas recollen ilícitos de competencia.
- O 56 % dos enquisados recoñecen, nas relacións contractuais con terceiros, observar/vixiar as condutas anticompetitivas.
- En case o 90% dos casos esa implantación foi por axentes externos á organización. A principal razón da falta de implantación de programas é carecer de recursos materiais, técnicos e humanos especializados para a súa posta en marcha e o custo implantación dun programa de cumprimento supón unha traba para máis do 30% dos enquisados.
- Non está recoñecida a figura interna ou externa do Compliance Officer en máis dun 60% dos enquisados.
- A obrigatoriedade de establecer protocolos eficaces para dar cumprimento ás obrigacións establecidas na Directiva UE 2019/1937(Directiva Whistleblowing) e na recente Lei 2/2023, reguladora da protección das persoas que informen sobre

infraccións normativas e de loita contra a corrupción levou ao 93% dos enquisados a implantar o coñecido como canle de denuncias.

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
1/2023	Función consultiva (FC)	23/03/2023	Consulta sobre o impacto que desde o punto de vista da competencia ten para a flota de capital galego, dedicada á captura de merluza con palangre de fondo, a entrada en vigor do Regulamento de execución (UE) 2022/1614, da Comisión Europea de 15 de setembro de 2022, así coma do Regulamento (UE) 2016/2336 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de 2016 polos que se establecen as condicións específicas aplicables á pesca de poboacións de augas profundas no Atlántico Nororiental
EXTRACTO			
O informe emitiuse a partir da solicitude presentada o 8 de marzo de 2023 pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia a través de D. Antonio Basanta Fernández en calidade de Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola cal se solicita a emisión dun informe da Comisión Galega da Competencia sinalando o forte impacto que o <i>Reglamento de Execución (UE) 2022/1614</i> estaba tendo nas capturas da flota galega, ademais das relevantes consecuencias socioeconómicas, sociolaborales, así coma aquelas que teñen que ver coa competitividade e no desenvolvemento das competencias que en materia de pesca ten a Comunidade Autónoma de Galicia. Tras a realización dunha exhaustiva análise sobre o impacto competitivo do <i>Reglamento (UE) 2016/2336 do Parlamento Europeo e do Consello</i> e do <i>Reglamento de Execución (UE) 2022/1614 da Comisión</i>, a CGC concluíu o seguinte: 1.- Os poderes públicos poden intervir nos mercados cando, en exercicio da súa capacidade normativa e <u>regulatoria</u>, aproban disposicións que afectan á actividade económica. Esa intervención pode chegar a obstaculizar o desenvolvemento das actividades que trata de regular en dano á competencia. Cando isto se produce atopariámonos ante unha intervención limitadora da competencia nese sector de			

actividade, que esixirá que a mesma se deba de xustificar e motivar adecuadamente.

2.- Para evitar que as actuacións públicas poidan ter efectos negativos nos mercados o que parece máis adecuado será analizar ex ante esas disposicións normativas para poder alertar deses perniciosos efectos e así corrixilos ou, en caso de ser necesaria a súa aprobación, xustificar os motivos desa intervención e adoptar a solución que sexa menos danosa.

3.- O Regulamento (UE) 2016/2336, aínda que sinala como obxectivos no seu art. 1 o “prever repercusións adversas significativas nos ecosistemas mariños vulnerables no contexto da pesca en augas profundas e garantir a conservación a longo prazo das poboacións de peixes de augas profundas”, establece un sistema de triple limitación á actividade da pesca extractiva (por especie, zona e arte de pesca), sendo as limitacións á actividade económica de pesca extractiva que impón este Regulamento máis amplas que as derivadas do previsto como obxectivo do mesmo no art. 1.

4.- O Regulamento de Execución (UE) 2022/1614 determina un total de 87 zonas sobre a que existe unha prohibición inmediata e xeral de pesca con artes de fondo a máis de 400 metros de profundidade. As especies afectadas pola devandita prohibición non son só as poboacións de peixes de augas profundas, senón tamén as demersales con hábitats e condicións biolóxicas diferentes. Entre elas, cabe destacar a pescada, a principal especie desembarcada pola frota galega.

5.- Ningún dos devanditos Regulamentos define cales son as artes, os aparellos e as frots que, por razón da finalidade que se persegue, deben de quedar afectados polas limitacións incluídas nestas normas.

6.- O Regulamento de Execución (UE) 2022/1614 non ten en conta o impacto económico e social dos cambios propostos, como tampouco o tivo o Regulamento (UE) 2016/2336.

7.- O impacto estimado é dunha redución de operacións pesqueiras de 1.100 buques, 4.400 tripulantes (o 40% do total galego), cun recorte salarial medio por persoa ao redor dos 24.000 €. Se se teñen en conta, ademais, os efectos indirectos, a perda sería de máis de 816 millóns de €. A estrutura económica de Galicia depende do sector pesqueiro pola súa elevada achega ao seu PIB, o cal é especialmente relevante nas comarcas e concellos do litoral galego, polo que é un sector crave na loita contra o despoboamento e o envellecemento da poboación nestas zonas.

8.- O mercado afectado por estes Regulamentos débese de definir coma o de capturas de pesca fresca desembarcada nas lonxas galegas. Trátase dun mercado moi intervido e

regulado.

9.- A prohibición de faenar con palangre de fondo nas 87 zonas provocará a redución das capturas e, por tanto, dos desembarques en Galicia da pescada capturada con esa arte, así como ao incremento do seu prezo en poxa en prexuízo do consumidor, o que podería levar a ser expulsado ese produto do mercado, sendo esa elevación do prezo consecuencia da creación deliberada dunha situación de escaseza do produto (pescada de petisco) ocasionada por unha disposición normativa aprobada pola Comisión. Esta escaseza levaría á probable substitución dese produto por outros similares, aos que non lles afecta a prohibición, e mesmo por outras especies, o que favorecería a outras frota comunitarias ou extracomunitarias. Tamén obrigará á frota de palangre ao seu desprazamento a aquelas outras zonas onde poidan realizar a súa actividade extractiva, o que implicaría unha maior concentración de frota nesas zonas, que ocasionaría unha redución de capturas por barco e, por tanto, da rendibilidade. Todo iso produciría unha grave distorsión do proceso competitivo no mercado.

10.- Existindo restricións á competencia impostas por esas disposicións normativas, a CGC considerou preciso determinar se se trata de restricións innecesarias ou desproporcionadas no funcionamento dos mercados, para o que leva a cabo unha Avaliación de Impacto Competitivo.

11.- Os únicos ditames que tivo en conta a Comisión foron dous emitidos polo International Council for the Exploration of the Sea (ICES). Con todo, eses ditames non avalan a extensión da prohibición de pesca coa arte de palangre de fondo nenas 87 zonas xa que non existe evidencia científica que acredite que a devandita arte afecte aos ecosistemas vulnerables. Non consta que se solicitasen ditames ao Comité científico, técnico e económico da pesca (CCTE) nin que se tivese en conta a outros centros de investigación de Estados membros da UE nin aos Ditames emitidos por Administracións de rexións europeas.

12.- Por todo iso, a CGC considera que se incumpre o principio de necesidade, xa que non se acreditou suficientemente que exista unha relación de causalidade entre a prohibición da pesca de pescada con palangre de fondo realizado por esa frota e a produción de repercusións adversas significativas nos ecosistemas mariños vulnerables nin tampouco entre a prohibición da pesca de pescada con palangre de fondo coa conservación das poboacións de peixes a augas profundas por non ser a pescada unha das especies que aparecen enumeradas como especies de augas profundas.

13.- A CGC tamén considera que se incumpre o principio de proporcionalidade, xa que a Comisión non acredita solicitar e empregar a mellor información científica posible para tomar a decisión de prohibir a pesca á frota de palangre nesas 87 zonas. Coa información científica que tivo en consideración a Comisión non se pode acreditar que as medidas prohibitivas impostas á frota de palangre sexan apropiadas e necesarias para conseguir “prever repercusións adversas significativas nos ecosistemas mariños vulnerables no contexto da pesca en augas profundas e garantir a conservación a longo prazo das poboacións de peixes de augas profundas”, polo que as medidas de prohibición teñen un carácter inadecuado en relación co obxectivo perseguido e supoñen unha intervención danosa para a competencia efectiva deste mercado.

14.- Así pois, a CGC considera non superada a Avaliación do Impacto Competitivo por parte do Regulamento de Execución (UE) 2022/1614, así como do Regulamento (UE) 2016/2336, o que lle leva a recomendar:

- a) suprimir a restrición imposta no Regulamento de Execución (UE) 2022/1614, do 15 de setembro de 2022, de prohibición de capturas á frota de palangre de fondo ou demersal nas 87 zonas sinaladas mentres dita norma non supera a Avaliación de Impacto Competitivo,
- b) suspender a aplicación da mesma mentres iso non suceda, coa finalidade de evitar posibles distorsións á competencia efectiva do mercado que poderían ser de natureza irrecuperable.

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
1/2023	Proxectos normativos (IPN)	31/07/2023	O Anteproxecto de Lei da Calidade alimentaria de Galicia
EXTRACTO			
O informe emitiuse a partir da solicitude de informe do Secretario <u>Xeral</u> Técnico da Consellería do Medio Rural sobre o Anteproxecto de Lei de Calidade Alimentaria en Galicia (<u>ALCAG</u>). En concreto, o <u>ALCAG</u> consta de 116 artigos distribuídos nun título preliminar e sete títulos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións finais. O obxecto do informe é a análise do <u>ALGAC</u> desde a perspectiva da libre competencia, asumindo non só a valoración dos seus potenciais problemas de competencia que se poidan detectar no seu contido, senón tamén as posibilidades que a nova regulación poida ofrecer desde a perspectiva da eficiencia económica e a mellora <u>regulatoria</u>. Así pois, as conclusións e recomendacións ás que a <u>CGC</u> chegou no informe son as seguintes: Así pois, as conclusións e recomendacións ás que a <u>CGC</u> chegou no informe son as seguintes: 1.- O Dereito da competencia, tanto comunitaria como nacional, resulta plenamente aplicable ao sector alimentario e por iso tamén o é á normativa sectorial que regule a calidade nese sector. A prohibición de pactos <u>colusorios</u>, do abuso de posición de dominio e de actos de competencia desleal que por falsear a competencia afectan ao interese público son plenamente aplicables a todos os operadores deste sector. Por iso, considérase conveniente que no <u>ALCAG</u> se inclúa unha referencia expresa sobre a aplicación da normativa de defensa da competencia na actuación de tódolos operadores económicos do sector alimentario e, por iso, parece correcto que no art. 3 do <u>ALCAG</u> se introduza o seguinte: "As actividades que desenvolvan os distintos axentes da cadea alimentaria no desenvolvemento dos fins previstos nesta lei deberán de realizarse dentro do cumprimento da normativa estatal e comunitaria de defensa da competencia". 2.- Sería conveniente engadir ao art. 31. 8 do <u>ALCAG</u> a idea de que "non se impedirá a utilización doutras marcas ou signos distintos nas etiquetas ou na presentación do produto que poidan utilizar eses operadores" na medida en que serve para diferenciar a			

esa empresa no mercado e que non existe razón algunha para prohibilo a eses operadores que forman parte desa denominación xeográfica de calidade. En caso de facelo, é dicir, vetar a posibilidade de utilizar esas outras marcas, podería implicar un abuso de posición de dominio non permitido polo art. 2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia.

3.- Debería de incorporarse ao art. 51.2 a referencia á normativa nacional contida na Lei 15/2007, do 3 de xullo de Defensa da Competencia, que regula ademais a figura da competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten ao interese público, que non existe na normativa da UE.

4.- Non parece conveniente que os organismos que, como os consellos reguladores, realizan funcións de xestión sexan ao mesmo tempo delegados da Administración para realizar as funcións de control da figura de protección da calidade diferenciada, na medida en que a actuación duns operadores pode condicionar a posición doutros competidores no seu mesmo mercado e que de acordo co art. 29 b) iii) do Regulamento (UE) 2017/625 é imprescindible a imparcialidade nas funcións de control e a ausencia de conflito de intereses. Con todo, existen sentenzas de Tribunais Superiores de Xustiza que mantiveron a postura contraria e confirman a validez de sistemas similares ao previsto no ALCAG de integración nos consellos reguladores das funcións de xestión e control conforme a esta Xurisprudencia, a atribución da función de control da figura de protección da calidade diferenciada aos consellos reguladores previstos no ALCAG tería amparo na normativa europea.

5.- O criterio previsto en diversos artigos do ALCAG de priorización da produción local, pode implicar unha alteración do mercado en prexuízo doutros operadores e non aparece no texto a razón desa preferencia, non se explica que se espera lograr coa mesma, nin se os medios son proporcionais e se existe proba de que con eles se alcanzan os obxectivos que se queren conseguir.

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
2/2023	Proxectos normativos (IPN)	29/11/2023	Proxecto de decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios
EXTRACTO			
Informe preceptivo sobre o Proxecto de decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios. Solicitado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia o Pleno da Comisión Galega da Competencia, na súa reunión do 29 de novembro de 2023 aprobou o referido Informe. O Anteproxecto de decreto regula, consonte o disposto no artigo 34.2 do Real decreto 666/2023, do 18 de xullo, os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios nos supostos de prescrición excepcional dos mesmos por baleiro terapéutico, segundo o previsto na normativa de aplicación, tratando ademais de introducir as debidas garantías para que o anterior se realice sen que existan danos para a saúde pública e a sanidade animal. As Recomendacións e consideracións realizadas polo Pleno da CGC foron as seguintes: Primeiro.- O anteproxecto de decreto conta con 21 artigos, nos cales se regulan o seu obxecto e ámbito de aplicación, os medicamentos afectados pola norma e aqueles que resultan excluídos da mesma por razóns específicas de protección da saúde pública. Habílanse dous procedementos diferenciados para que os profesionais veterinarios poidan adquirir a través das oficinas de farmacia medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario para a súa aplicación en animais, debendo optar por un ou outro en función do tipo concreto de medicamento de que se trate. Asemade, establécense os controis necesarios para que a subministración, adquisición, prescrición e administración dos medicamentos se leve a cabo coas debidas garantías e se minimicen os riscos que puidera levar aparellados o seu uso. Contéplanse tamén as obrigas que deberán cumprir todos os/as profesionais implicados/as nos procedementos regulados e as responsabilidades nas que poidan			

incorrer en caso de incumprimento. En consonancia co anterior, prevese tamén a aplicación dun réxime sancionador e disposición adicional, que prevé a actualización dos formularios normalizados que se deben empregar en cada un dos procedementos, e dúas disposicións derradeiras, relativas ao desenvolvemento do decreto e á súa entrada en vigor.

Segundo.- Este proxecto normativo trata de regular os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios nos supostos de prescrición excepcional dos mesmos por baleiro terapéutico, segundo o previsto na normativa de aplicación, tratando ademais de introducir as debidas garantías para que o anterior se realice sen que existan danos para a saúde pública e a sanidade animal, normativizando as condicións xerais de prestación do servizo e aspectos procedementais, por iso, e a salvo de consideracións que, sobre o menoscabo e inxerencia na competencia poidan ou non identificarse da actividade prestada polas oficinas de farmacia, parece claro que as especiais características do mercado de distribución retalista de medicamentos, pola natureza dos medicamentos, a protección da saúde pública e pola existencia de fallos de mercado como a información asimétrica, explican a intervención pública neste mercado mediante a regulación.

Terceiro.- Este Pleno é consciente da necesaria protección do interese público, en canto á seguridade e acceso aos medicamentos, que é inherente á regulación da distribución retalista de medicamentos, por iso, a regulación debe ir dirixida a este obxectivo desde os principios de necesidade e proporcionalidade, evitando introducir restricións á competencia inxustificada que impidan ou dificulten alcanzar unha maior eficiencia no funcionamento do mercado.

Cuarta.- Debemos ser conscientes que, aínda que a protección da saúde pública é o principal argumento para regular o sector farmacéutico, a regulación impón unha serie de restricións, tanto de acceso ao mercado como de exercicio da actividade das oficinas de farmacia, que limitan a competencia no mercado e, en moitas ocasións, non protexen a saúde pública nin están xustificadas desde o punto de vista da eficiencia.

Quinta. - Tras o anteriormente escrito, este Pleno, valora positivamente a nova redacción proposta no proxecto de decreto polo que se trata de regular os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios nos supostos de prescrición excepcional dos mesmos por baleiro terapéutico e considera que non incide

nin condiciona o mercado desde a perspectiva do dereito da competencia en termos xerais, ao tratarse dunha regulación unicamente instrumental e procedemental.

INFORMES			
Nº	TIPO	FECHA	NOMBRE
3/2023	Proxectos normativos (IPN)	19/12/2023	Proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e regula o funcionamento do consello autonómico de acreditación de centros sanitarios da comunidade autónoma de Galicia
EXTRACTO			
Informe preceptivo sobre o Proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e regula o funcionamento do consello autonómico de acreditación de centros sanitarios da comunidade autónoma de Galicia. Solicitado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia o Pleno da Comisión Galega da Competencia, na súa reunión do 19 de decembro de 2023 aprobou o referido Informe. No Anteproxecto de decreto establécese un sistema de acreditación baseado no cumprimento dos indicadores, o que supón que os centros poden acadar a dita acreditación en grao básico ou en grao superior. Considérase que a existencia de dous graos é suficiente para resaltar a calidade na prestación dos servizos sanitarios, xa que a existencia de máis graos podería levar a confusión ás persoas usuarias dos referidos servizos. Desta forma haberá unha acreditación de nivel básico, que supón o cumprimento de ata un 75% dos indicadores e un nivel superior, para todos os centros que superen esa porcentaxe. O decreto regula, igualmente, o consello autonómico de acreditación destes centros sanitarios, como un órgano colexiado ao que se lle atribúen funcións de asesoramento e de emisión de informes sobre os procedementos dos indicadores e un nivel superior, para todos os centros que superen esa porcentaxe. O decreto regula, igualmente, o consello autonómico de acreditación destes centros sanitarios, como un órgano colexiado ao que se lle atribúen funcións de asesoramento e de emisión de informes sobre os procedementos de acreditación. Este decreto consta de vinte e catro artigos, unha disposición adicional única, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras. Como recomendacións recollidas no Informe sinala, convén establecer mecanismos que incentiven suficientes niveis de competencia entre os centros acreditados. Neste			

sentido, por exemplo, a mellora da información sobre o sector, que poida levar a todos os axentes implicados (non só pacientes, senón tamén ao persoal, docentes e investigadores, organismos de investigación, empregadores, etc...) a tomar as súas decisións en función da calidade de cada centro, pode resultar de interese sendo clave establecer mecanismos de seguimento de centros a partir de indicadores obxectivos e comparables, que poidan aproximar a calidade do servizo. Ou de existir o financiamento, este responda máis aos indicadores de resultado de cada centro e á demanda relativa, sendo os indicadores sobre a calidade os que poden dar os incentivos apropiados, ademais de facerse públicos para fomentar decisións óptimas dos axentes.

Recomenda que deberá existir seguimento dos requisitos de acreditación, toda vez que o posible incremento dos requisitos para a configuración dos centros pode ter un impacto non desexable sobre proxectos máis especializados.

As apreciacións realizadas ao informar sobre esta iniciativa normativa perseguen velar por que as eventuais restricións que a mesma poida xerar nas liberdades económicas respecten os principios aos que o ordenamento xurídico somete a limitación destas liberdades e anticipar en que medida tales restricións á competencia poden impedir ou desincentivar o obxectivo, neste caso de calidade, que persegue un determinado modelo regulatorio. Debemos ser conscientes que, aínda que a protección da saúde pública é o principal argumento para regular o sector sanitario, a regulación ten que ser coidadosa coas medidas que impón, principalmente coas restricións (acceso ao mercado, exercicio da actividade dos operadores...) xa que se pode chegar a limitar a competencia no mercado e, en moitas ocasións, estas medidas non protexen a saúde pública nin están xustificadas desde o punto de vista da eficiencia.

Conclúe o Informe sinalando que valora positivamente a nova redacción proposta no proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e regula o funcionamento do Consello autonómico de acreditación de centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e considera que non incide nin condiciona o mercado desde a perspectiva do dereito da competencia en termos xerais, ao tratarse dunha regulación soamente instrumental e procedemental.

Cadro 3.- Solicitudes de informe ao amparo do artigo 150 LCSP durante o ano 2023

EXPEDIENTES ART. 150 LCSP	
DÍA	SOLICITANTE
06/06/2023	Concello de Guitiriz
06/06/2023	Consellería de Cultura, Educación
12/06/2023	Concello de Teo
11/07/2023	Concello de Pontedeume

Cuadro 4.- Actividades de la CGC en el año 2023

ACTIVIDADES DE LA CNMC Y OTRAS AUTORIDADES DE COMPETENCIA			
DÍA	ACTO	LUGAR	ASISTENTES
08/05/2023	Reunión do Consello de Defensa da Competencia e reunión do Grupo de traballo de Consellos	Madrid	Presidente Vogal/Secretario Vogal
Do 05/07/2023 ao 07/07/2023	Grupo Intergubernamental de Expertos en Dereito e Política da Competencia, 21º período de sesións	Ginebra	Presidente Vogal/Secretario
29/09/2023	Presentación da Guía da CNMC sobre cuantificación de danos por infraccións do dereito da competencia	Madrid	Presidente Vogal/Secretario
28/11/2023	Asistencia ao II Foro empresa sostenible	Vigo	Presidente

JORNADAS, CURSOS, CONGRESOS			
DÍA	ACTO	LUGAR	ASISTENTES
08/02/2023	Acto "Reclamación de danos causados ás administracións públicas por prácticas anticompetitivas"	Barcelona	Vogal/Secretario
24/03/2023	Xornada "Exploring the Outer Boundaries of Antitrust"	Madrid	Presidente
24/04/2023	Xornada "A defensa da competencia na contratación do sector público"	Online	Presidente
23/05/2023	Xornada "Obligatoriedade dos canais de denuncia nas empresas"	Vigo	Presidente
29/05/2023	Xornada "Balance da liberalización do sector ferroviario de pasaxeiros: dous anos desde a entrada da competencia"	Madrid	Presidente
27/06/2023	Xornada "Pleno ao quince: o dano causado polo cártel de camións e a súa cuantificación segundo o TS"	Madrid	Presidente
21/09/2023	Xornada "Xeopolítica comercial: situación actual 2023 e principais retos 2024"	Online	Presidente
17/10/2023	<i>European Competition Day 2023</i>	Barcelona	Vogal/Secretario
19/10/2023	V Congreso do Observatorio de Contratación Pública	A Coruña	Presidente
10/11/2023	Xornada "Oportunidades e futuro do transporte ferroviario de mercadorías en Galicia"	Santiago de Compostela	Presidente
24/11/2023	Xornada Anual da Asociación Española para a Defensa da Competencia	Madrid	Presidente Vogal/Secretario

ACTOS E REUNIÓN INSTITUCIONAIS			
DÍA	ACTO	LUGAR	ASISTENTES
23/01/2023	Almorzo-coloquio: <i>Retos e Oportunidades en Iberoamérica.</i>	Círculo de Empresarios de Vigo	Presidente
24/01/2023	Acto <i>Inauguración da Lonxa 4.0: mellora da eficiencia enerxética</i>	Vigo	Presidente
27/01/2023	Encontro do Corredor Atlántico Noroeste. Unha estratexia conxunta para un proxecto común	Santiago de Compostela	Presidente Vogal/ Secretario Vogal Subdirector
17/10/2023	Acto de Promoción Internacional da feria Mindtech	Vigo	Presidente
24/02/2023	Acto de presentación do informe anual de supervisión da contratación pública de España 2022	Madrid	Presidente Vogal/ Secretario
03/03/2023	Festa anual da avogacía	Vigo	Presidente
16/03/2023	Xantar-coloquio. Abanca, un aliado para os retos da economía galega (con Juan Carlos Escotet)	Vigo	Presidente
29/03/2023	Acto "Os avances climáticos de Obxectivo 55"	Online	Presidente
11/04/2023	Reunión co Director Xeral de Comercio e Consumo.	Santiago de Compostela	Presidente
09/05/2023	Presentación do libro "Reformas para impulsar a competencia en España"	Madrid	Presidente
20/06/2023	Asistencia inauguración Mindtech 2023	Vigo	Presidente
20/06/2023	Acto toma posesión Delegación Xunta en Vigo	Vigo	Presidente
22/06/2023	Comparecencia no Parlamento de Galicia	Santiago de Compostela	Presidente
28/06/2023	Acto de imposición das Medallas Castelao 2023	Santiago de Compostela	Presidente
24/07/2023	Acto de entrega das Medallas de Galicia 2023	Santiago de Compostela	Presidente Vogal/ Secretario
02/08/2023	Asistencia toma de posesión de D. Juan	Santiago de	Presidente

ACTOS E REUNIÓN INSTITUCIONAIS			
DÍA	ACTO	LUGAR	ASISTENTES
	Carlos Aladro Fernández como conselleiro do Consello de Contas	Compostela	
21/09/2023	Asistencia á xornada organizada polo Círculo de Empresarios de Galicia sobre "Xeopolítica comercial: situación actual 2023 e principais retos 2024"	Online	Presidente
22/09/2023	Xantar-coloquio co Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo	Vigo	Presidente Vogal/ Secretario
23/10/2023	Presentación Informe Anual UNCTAD sobre transporte marítimo	Vigo	Presidente Vogal/ Secretario
10/11/2023	XXXI Aniversario do Círculo de Empresarios de Galicia	Vigo	Presidente
27/11/2023	Reunión do proxecto "Municipios e Competencia"	Online	Presidente

Participación en Xornadas, Seminarios, Cursos e Congresos

Durante o ano 2023 os membros da CGC participaron como relatores nas seguintes actividades:

1º- Actividades de formación de funcionarios en colaboración coa EGAP: curso "O Dereito da Competencia e a protección dos consumidores", que se desenvolveu entre abril e maio, impartido polo vogal Daniel Neira Barral.

2º- Actividades de formación de funcionarios en colaboración coa EGAP: curso "Competencia e dereito da Unión Europea: a defensa da competencia nos procesos de contratación pública" que se desenvolveu entre setembro e outubro, impartido polo vogal Daniel Neira Barral.

3º- Relatorio no V Congreso do Observatorio de Contratación Pública, no panel "Compra pública e competencia: entre o mercado e a organización", celebrado o día 18 de outubro na Coruña. Autor: Ignacio López-Chaves Castro, presidente.

2.2 Actividades de defensa da competencia

As seguintes táboas representan a actividade da CGC en materia de defensa da competencia. A primeira recolle o resumo de todas, así como a extensión dos expedientes e, na segunda, inclúese tamén un resumo das mesmas.

Cadro 4.- Resumo das resolucións

1. RESOLUCIÓN RA 1/2023- LICITACIÓN URBANIZACIÓN DE CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
Actuación: Admisión de recurso
Presentan recurso ao TSXG: no
Expediente composto por: 143 carpetas electrónicas que inclúen 5.154 folios
2. RESOLUCIÓN RA 2/2023- LICITACIÓN URBANIZACIÓN DE CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
Actuación: Desestimación de recurso
Presentan recurso ao TSXG: sí
Expediente composto por: 198 carpetas electrónicas que inclúen 6772 folios
3. RESOLUCIÓN 3/2023 DE VIGILANCIA – TRANSPORTE DE VIAXEIROS ILLAS CÍES NAVIERA ISLA DE ONS, S.L.
Actuación: Denegación solicitude de prórroga
Presentan recurso ao TSXG: no
Expediente composto por: 2 carpetas e 3 subcarpetas electrónicas que inclúen 1.275 folios
4. RESOLUCIÓN 4/2023 DE VIGILANCIA – TRANSPORTE DE VIAXEIROS ILLAS CÍES CRUCEROS RÍAS BAJAS, S.L.
Actuación: Denegación solicitude de prórroga
Presentan recurso ao TSXG: no
Expediente composto por: 2 carpetas e 4 subcarpetas electrónicas que inclúen 1.583 folios
5. RESOLUCIÓN 5/2023 – ACORDO TERMINACIÓN CONVENCIONAL
Actuación: Desestimación de recurso
Presentan recurso ao TSXG: non
Expediente composto por: 222 carpetas electrónicas que inclúen 8.736 folios
6. RESOLUCIÓN 6/2023 – LICITACIÓN URBANIZACIÓN DE CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
Actuación: sanción
Presentan recurso ao TSXG: sí
Expediente composto por: 232 carpetas electrónicas que inclúen 11.421 folios, máis a peza separada de confidencialidade e a peza de medidas cautelares
7. RESOLUCIÓN RA 7/2023 – INCOACIÓN 1 MONBUS NO EXPEDIENTE S 1/2023 –

TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR CARRETERA 2: UTES

Actuación: Desestimación de recurso

Presentan recurso al TSXG: sí

Expediente composto por documento único paxinado que inclúe 2.275 folios, 6 documentos complementarios en formato excel e peza separada de confidencialidade.

8. RESOLUCIÓN RA 8/2023 – INCOACIÓN 2 ALSA NO EXPEDIENTE S 1/2023 – TRANSPORTE DE VIAXEIROS

Actuación: Desestimación de recurso

Presentan recurso al TSXG: sí

Expediente composto por documento único paxinado que inclúe 2.275 folios, 6 documentos complementarios en formato excel e 3 documentos de peza separada de confidencialidade.

Cadro 5. Resumo das resolucións

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
1/2023	Recurso Administrativo	06/02/2023	Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo
INICIO	Interposición de Recurso Administrativo por parte de UNIÓN VANTAXE, S.L., contra a Proposta de Resolución dictada o 2 de novembro de 2022, pola Subdirección Xeral de Investigación		
FINAL	Admisión	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Resolución no Recurso Administrativo (Resolución identificada coas siglas "<u>RA</u>"), interposto por UNIÓN <u>VANTAXE</u>, S.L., ao amparo do disposto no art. 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (<u>LDC</u>), contra a adopción pola Subdirección Xeral de Investigación (<u>SUBDIC</u>) da Proposta de Resolución do 3 de novembro de 2022 no marco do Expediente <u>S 14/2018</u> – Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo. En concreto, con data 11 de novembro de 2022, UNIÓN <u>VANTAXE</u> interpuso recurso do art. 47 <u>LDC</u> contra a adopción da Proposta de Resolución do 3 de novembro de 2022 ditada pola <u>SUBDIC</u>, solicitando que se anule dita Proposta de Resolución e se ordene á <u>SUBDIC</u> que <u>retrotraia</u> o procedemento cursado no expediente <u>S 14/2018</u> Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo ao momento inmediatamente anterior ao de dita Proposta de Resolución debendo continuar polos trámites procedentes. UNIÓN <u>VANTAXE</u> fundamenta o seu recurso na existencia de indefensión, debido a que considera que no expediente a <u>SUBDIC</u> non adoptou Acordo de peche de instrución algún e que, por iso, a Proposta de Resolución foi adoptada prescindindo "total e absolutamente do procedemento legalmente establecido" no art. 33 do <u>RDC</u> en infracción do artigo 47.1 (e) da <u>LPAC</u>, polo que estima que dita Proposta de Resolución debe ser declarada nula de pleno dereito. Con data 25 de novembro de 2022, o Pleno da <u>CGC</u>, unha vez acreditado que o recurso			

fora interposto en prazo, acordou requirir á SUBDIC para que, conforme ao previsto no art. 47 LDC, remitise no prazo de cinco días copia do expediente, así coma o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (RDC). Así mesmo, acordou que unha vez recibido o referido expediente se lle dese traslado aos interesados do mesmo e do recurso.

Con data 7 de decembro de 2022, a SUBDIC remitiu ao Pleno o Informe previsto no art. 24 RDC, así coma copia completa do expediente, que con data 9 de decembro de 2022 foron notificadas e postas ao dispor dos interesados.

No Informe, a SUBDIC propón que debe ser o recurso inadmitido. Ao seu xuízo, nin se ocasionou indefensión nin prexuízos irreparables a dereitos ou intereses lexítimos da recorrente por non adoptarse, con carácter previo á Proposta de Resolución e como un acto propio e diferenciado, o acordo de peche de instrución, que contempla o art. 33 RDC sinala que o acordo de peche de instrución, cuxa finalidade é trasladar aos interesados que a SUBDIC puxo fin á fase de instrucción e que procederá a elaborar a Proposta de Resolución, é un acto de trámite sen substantividade propia e cuxa ausencia non supoñería, por tanto, a nulidade de pleno dereito da Proposta de Resolución por ser un acto que se ditou prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

UNIÓN VANTAXE, nas súas alegacións ao Informe da SUBDIC, sostén que esta non adoptou Acordo algún de peche da instrución, nin antes, nin ao mesmo tempo, nin despois da Proposta de Resolución e que nesta non aparece referencia algunha ao peche da fase de instrución ou ao artigo 33 RDC que habilita para a súa adopción, polo que conclúe que o devandito Acordo simplemente non existe. Sinala que por non existir non se puido incorporar ao Expediente, nin foi notificado aos interesados, como esixe o artigo 33 RDC.

Así pois, considerando que efectivamente non se cumpriu o trámite de peche de instrución e notificación do mesmo aos interesados, o Pleno da CGC considera que,

neste caso concreto, a solicitude de retroacción do expediente ao momento inmediatamente anterior ao de elaboración pola SUBDIC da Proposta de Resolución coa finalidade de acordar o peche da fase de instrución non compromete de ningunha maneira ao expediente nin compromete a resolución que o Pleno poida adoptar no futuro sobre o mesmo e que tamén UNIÓN VANTAXE xustificou o recurso nunha alegación de indefensión por infracción dese trámite que razoa de forma extensa.

Por iso, aínda que non parece concluínte que a omisión dese trámite supuxese indefensión material que impide o exercicio do dereito á defensa, na medida en que desde un plano garantista na tramitación deste procedemento que persiga asegurar o cumprimento do exacto leito regulamentario que confirme a racionalidade, coherencia e razonabilidade da decisión que no futuro se adopte e que poñerá fin ao mesmo, o Pleno considera adecuado admitir o recurso de UNIÓN VANTAXE, S.L., e estimar a solicitude presentada e, en consecuencia, anular a Proposta de Resolución do 3 de novembro de 2022 ditada pola SUBIC e retrotraer o expediente ao momento inmediatamente anterior debendo proceder a SUBDIC ao peche da fase de instrución.

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
2/2023	Recurso Administrativo	17/04/2023	Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo
INICIO	Recurso presentado por UNIÓN VANTAXE, S.L, contra a adopción do Acordo de Cierre, de 8 de febreiro de 2023, dictado pola Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia		
FINAL	Desestimación	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Resolución pola que se resolve o recurso interposto por UNIÓN <u>VANTAXE</u>, S.L., ao amparo do disposto no art. 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (<u>LDC</u>) contra a adopción do Acordo de Peche do 8 de febreiro de 2023 ditada pola Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (<u>SUBDIC</u>) ditada no expediente <u>S 14/2018</u> – Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo. En concreto, con data 22 de febreiro de 2023, UNIÓN <u>VANTAXE</u> presentou recurso do art. 47 <u>LDC</u> contra a adopción do Acordo de Peche do 8 de febreiro de 2023 ditada pola <u>SUBDIC</u> no expediente <u>S 14/2018</u> – Licitación urbanización do Consorcio Zona Franca de Vigo, solicitando que se acordase anular o Acordo de peche por xerar indefensión, polo que é nulo de pleno dereito á luz do art. 48.1 e 48.2 da Lei 39/2015, e tamén que se acordase ordenar á <u>SUBDIC</u> que <u>retrotraia</u> o procedemento cursado no Expediente de referencia ao momento inmediatamente anterior á elaboración do Prego de Concreción de Feitos (<u>PCF</u>), debendo continuar, no seu caso, polos trámites procedentes coa formulación dun novo <u>PCF</u> que conteña unha acusación conforme a Dereito de acordo coa <u>LDC</u>. Con data 28 de febreiro de 2023, o Pleno da <u>CGC</u>, unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á <u>SUBDIC</u> para que conforme ao previsto no art. 47 da <u>LDC</u> remitise no prazo de cinco días copia do expediente <u>S 14/2018</u>, así coma o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (en diante <u>RDC</u>). Así mesmo, acordou que, unha vez recibido o expediente, se lle dese traslado aos interesados do			

mesmo e do recurso.

Con data 7 de marzo de 2023, a SUBDIC remitiu ao Pleno o Informe previsto, así coma copia completa do expediente S 14/2018, que con data 16 de marzo de 2023 foron notificadas e postas ao dispor dos interesados. No devandito Informe a SUBDIC considera axustado a dereito propoñer a desestimación do recurso interposto por UNIÓN VANTAXE ao non apreciar que se causou indefensión, senón unha clara vontade de dilatar inxustificada e abusivamente a tramitación do expediente sancionador.

En relación cos argumentos esgrimidos polo Pleno da CGC na resolución do recurso, cabe destacar que o art. 47 LDC non abre a posibilidade a calquera tipo de impugnación, senón unicamente admítea respecto daqueles actos e resolucións da SUBDIC aos que se lles impute indefensión ou causar un prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, polo que, neste caso, o Pleno tivo que examinar se o Acordo de Peche da instrución era ou non susceptible de causar indefensión, que é a única razón de interposición do recurso por UNIÓN VANTAXE. UNIÓN VANTAXE o que solicita é a anulación do Acordo de Peche, pero a causa da indefensión non aparece referida ao propio Acordo de Peche senón a un acto moi anterior ao mesmo como é o PCF, xa que alega que nese PCF a SUBDIC formulou unha acusación sen explicar que artigo da LDC se infrinxiu e sinala que non se identificaron “claramente” no PCF que infracción da LDC se produciu.

Pola súa banda, a SUBDIC indicou que o Acordo de Peche da instrución é un acto de trámite que non é susceptible de impugnación autónoma e que non dá nin legal nin procedimentalmente pé a alegacións. A CNMC reiterou que a posible vulneración do art. 24 da Constitución non pode invocarse en relación con actos de mero trámite, como sinalou a xurisprudencia do TS. Neste sentido, de acordo co Pleno da CGC, o Acordo de Peche non cumpre con ningunha desas condicións, pois non se trata dun acto definitivo, xa que antecede á Proposta de Resolución, nin tampouco é un acto con contido sancionador. Por tanto, non é un acto definitivo capaz de producir indefensión ou un prexuízo irreparable, pois nin prexulga, nin resolve un procedemento sancionador, polo que non impide ás partes exercer posteriormente o seu dereito de defensa.

Sobre a indefensión, tamén cabe sinalar que o recorrente cita diversas sentenzas do Tribunal Constitucional para argumentar que non é viable, baixo o artigo 24.2 da Constitución, empregar dúas cualificacións xurídicas alternativas para un mesmo feito, como expón a [SUBIC](#) no [PCF](#). Con todo, estas sentenzas non amparan a alegación do recorrente, xa que neste expediente o interesado tivo ocasión de defenderse de todos e cada un dos elementos que constitúen a infracción da [LDC](#), xa que lle foi notificado cada un dos pasos do expediente, puido formular alegacións, accedeu ao expediente, puido propoñer proba en defensa dos seus dereitos e exercitou, ata en dúas ocasións, o recurso do art. 47 da [LDC](#), polo que, conforme á propia doutrina do [TC](#) alegada polo recorrente non se produciu indefensión.

Ademais, o Pleno sinala que ata o momento no expediente [S 14/2018](#) o interesado puido defender os seus intereses, como recoñece no propio escrito de recurso. Ademais, o recorrente puido acceder ao expediente, propoñer proba e poderá seguir exercendo real e efectivamente a súa defensa ante o Pleno no momento en que a [SUBDIC](#) elabore a súa Proposta de Resolución.

Por todo iso, o Pleno da [CGC](#) entendeu que o recurso non reunía os requisitos esixidos polo art. 47 [LDC](#), polo que debía ser desestimado.

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
3/2023	Solicitud prórroga	06/07/2023	Transporte de Viaxeiros Illas Cíes NAVIERA ISLA DE ONS, S.L.
INICIO	Solicitud por parte de NAVIERA ISLA DE ONS, S.L., de ampliación de plazo para o cumprimento de algúns dos compromisos aprobados na Terminación Convencional do Expediente sancionador S 15/2016 - Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, contidos na Resolución 2/2002 aprobada polo Pleno da CGC o 11 de xullo de 2022.		
FINAL	Denegación	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Con data 27 de xuño de 2023, NAVIEIRA ISLA DE ONS, S.L., presentou solicitude de ampliación de prazo para o cumprimento dos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto, aprobados na Terminación Convencional do Expediente sancionador <u>S 15/2016</u> - Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, do 11 de xullo de 2022. En concreto, NAVIEIRA ISLA DE ONS solicita unha ampliación dos prazos orixinalmente concedidos por un período suplementario de catro meses, baseándose en que "(...) os prazos anteriormente mencionados resultan insuficientes para poder finalizar todas as tarefas que esixen os compromisos cuarto, quinto e sexto da Resolución sen <u>distorsionar</u> o normal funcionamento e a actividade da Compañía no momento de maior afluencia da mesma (o período estival, que coincide coa tempada alta no sector)". Sinala tamén que "o cumprimento dos compromisos cuarto e sexto, demandan que a Compañía realice un labor de recompilación e xeración de información, así como de revisión e modificación de documentación moi esixente" e que "os prazos non son suficientes se se ten en conta a complexidade argumenta que a empresa entre os meses de marzo e abril estivo inmersa en varias auditorías que requiriron o investimento do persoal administrativo. Con data 4 de xullo de 2023 a <u>SUBDIC</u> eleva ao Pleno da <u>CGC</u> Informe no que conclúe que non concorren razóns definitivas para admitir a prórroga solicitada, xa que non se acredita unha alteración imprevista ou imprevisible que non puidese ser solucionada nos prazos ordinarios.			

A empresa NAVIEIRA ISLA DE ONS obrigouse ao cumprimento “fiel e puntual” dos compromisos contidos na Terminación Convencional do expediente sancionador S 15/2016 - Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes aprobados, coñecendo que o seu incumprimento tería a consideración e cualificación de infracción moi grave de acordo con o artigo 62.4.c) LDC.

Os prazos sinalados na Terminación Convencional para o cumprimento dos compromisos, que foron acordados coa empresa, foron valorados como correctos tanto pola CGC como por NAVIEIRA ISLA DE ONS, na medida en que resolvían os efectos sobre a competencia derivados da conduta obxecto do expediente e que con eles quedaba garantido de forma suficiente o interese público. Por iso, esa terminación convencional implicaba que nin a CGC podería esixir o cumprimento anticipado deses compromisos nin NAVIEIRA ISLA DE ONS, S.L podería esixir o aprazamento da súa execución, xa que niso estaba en xogo o interese público e a competencia no mercado que, con esa Terminación Convencional, se quería restaurar.

No presente caso, a xustificación por parte de NAVIEIRA ISLA DE ONS para a ampliación do prazo é a excesiva carga de traballo nos meses de maio a setembro (algo periódico en todos os anos pola actividade da navieira e que coñecía a empresa ao asumir os compromisos), pola realización dunhas auditorías (que non xustifica a realización das mesmas nin acredita a súa execución nin presenta copia) e mesmo para xustificar o incumprimento en prazo do seu compromiso de implantación dun programa de cumprimento normativo explica que a razón é que decidiu ampliálo (sen que iso apareza de ningún xeito no compromiso) a outras empresas do grupo. Como indica a SUBDIC resulta sorprendente supeditar a execución dunha resolución administrativa de cumprimento obrigatorio baixo pena de sancións a unha política de grupo de realización facultativa. Non existen, por tanto, motivos relevantes e superiores ás capacidades ordinarias da empresa, motivos que razoablemente non puidese prever e/o subvenir no período ordinario para o cumprimento dos compromisos durante o ano establecido na Terminación Convencional, aínda que aplicase toda a dilixencia que lle era esixible.

Ademais, a solicitude de ampliación preséntaa o día 27 de xuño de 2023, cando tan só faltan 16 días para a finalización do prazo dun ano e faino solicitando unha prórroga de 4 meses que corresponde á 1/3 parte do total concedido inicialmente, o que son outras evidencias de que a solicitude non responde a razón fundada algunha, senón á falta de planificación ou a neglixencias na execución das actividades comprometidas.

Por todo iso, o Pleno da CGC denega a ampliación de 4 meses adicionais sobre o termo fixado inicialmente nos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto aprobados na Terminación Convencional.

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
4/2023	Solicitud prórroga	06/07/2023	Transporte de Viaxeiros Illas Cíes, CRUCEROS RÍAS BAJAS, S.L.
INICIO	Solicitud por parte CRUCEROS RÍAS BAJAS, S.L., de ampliación de plazo para o cumprimento de algúns dos compromisos aprobados na Terminación Convencional do Expediente sancionador S 15/2016 - Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, contidos na Resolución 2/2002 aprobada polo Pleno da CGC o 11 de xullo de 2022.		
FINAL	Denegación	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Con data 28 de xuño de 2023, CRUCEIROS RÍAS BAIXAS, S.L., presentou solicitude de ampliación de prazo para o cumprimento dos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto, aprobados na Terminación Convencional do Expediente sancionador S 15/2016 - Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, do 11 de xullo de 2022. Dita solicitude é practicamente idéntica no seu contido e argumentación á presentada o día anterior por NAVIEIRA ISLA DE ONS, S.L. En concreto, CRUCEIROS RÍAS BAIXAS solicita unha ampliación dos prazos orixinalmente concedidos por un período suplementario de catro meses, baseándose en que "(...) os prazos anteriormente mencionados resultan insuficientes para poder finalizar todas as tarefas que esixen os compromisos cuarto, quinto e sexto da Resolución sen <u>distorsionar</u> o normal funcionamento e a actividade da Compañía no momento de maior afluencia da mesma (o período estival, que coincide coa tempada alta no sector)". Sinala tamén que "o cumprimento dos compromisos cuarto e sexto, demandan que a Compañía realice un labor de recompilación e xeración de información, así como de revisión e modificación de documentación moi esixente" e que "os prazos non son suficientes se se ten en conta a complexidade que implica solicitar e elaborar a información que requiren os compromisos cuarto, quinto e sexto nunha organización como a de <u>NABIA</u>. Ao tratarse dunha organización pequena e familiar, conta con limitados medios materiais e humanos, o cal, inevitablemente, retarda a recompilación, elaboración e revisión da documentación necesaria".			

Tamén argumenta que a empresa entre os meses de marzo e abril estivo inmersa en varias auditorías que requiriron o investimento do persoal administrativo.

Con data 4 de xullo de 2023 a SUBDIC eleva ao Pleno da CGC Informe no que conclúe que non concorren razóns definitivas para admitir a prórroga solicitada, xa que non se acredita unha alteración imprevista ou imprevisible que non puidese ser solucionada nos prazos ordinarios.

A empresa CRUCEIROS RÍAS BAIXAS obrigouse ao cumprimento “fiel e puntual” dos compromisos contidos na Terminación Convencional do expediente sancionador S 15/2016 - Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes aprobados, coñecendo que o seu incumprimento tería a consideración e cualificación de infracción moi grave de acordo co artigo 62.4.c) LDC.

Os prazos sinalados na Terminación Convencional para o cumprimento dos compromisos, que foron acordados coa empresa, foron valorados como correctos tanto pola CGC como por CRUCEIROS RÍAS BAIXAS, na medida en que resolvían os efectos sobre a competencia derivados da conduta obxecto do expediente e que con eles quedaba garantido de forma suficiente o interese público. Por iso, esa terminación convencional implicaba que nin a CGC podería esixir o cumprimento anticipado deses compromisos nin CRUCEIROS RÍAS BAIXAS podería esixir o aprazamento da súa execución, xa que niso estaba en xogo o interese público e a competencia no mercado que, con esa Terminación Convencional, se quería restaurar.

No presente caso, a xustificación por parte de CRUCEIROS RÍAS BAIXAS para a ampliación do prazo é a excesiva carga de traballo nos meses de maio a setembro (algo periódico en todos os anos pola actividade da navieira e que coñecía a empresa ao asumir os compromisos), pola realización dunhas auditorías (que non xustifica a realización das mesmas nin acredita a súa execución nin presenta copia) e mesmo para xustificar o incumprimento en prazo do seu compromiso de implantación dun programa de cumprimento normativo explica que a razón é que decidiu amplialo (sen que iso apareza de ningún xeito no compromiso) a outras empresas do grupo. Como

indica a SUBDIC resulta sorprendente supeditar a execución dunha resolución administrativa de cumprimento obrigatorio baixo pena de sancións a unha política de grupo de realización facultativa. Non existen, por tanto, motivos relevantes e superiores ás capacidades ordinarias da empresa, motivos que razoablemente non puidese prever e/o subvenir no período ordinario para o cumprimento dos compromisos durante o ano establecido na Terminación Convencional, aínda que aplicase toda a dilixencia que lle era esixible.

Ademais, a solicitude de ampliación preséntaa o día 28 de xuño de 2023, cando tan só faltan 15 días para a finalización do prazo dun ano e faino solicitando unha prórroga de 4 meses que corresponde á 1/3 parte do total concedido inicialmente, o que son outras evidencias de que a solicitude non responde a razón fundada algunha, senón á falta de planificación ou a neglixencias na execución das actividades comprometidas.

Por todo iso, o Pleno da CGC denega a ampliación de 4 meses adicionais sobre o termo fixado inicialmente nos compromisos Cuarto, Quinto e Sexto aprobados na Terminación Convencional.

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
5/2023	Recurso administrativo	31/07/2023	Licitación Urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo
INICIO	Recurso interposto por UNION VANTAXE, S.L., contra o Acordo de finalización da Terminación Convencional dictada pola Subdirección de Investigación o 20 de abril de 2023 no Expediente S 14/23018- Licitación Urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo		
FINAL	Desestimación	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Resolución pola que se resolve o recurso interposto por <u>UNION VANTAXE</u>, S.L., ao amparo do disposto no artigo 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (<u>LDC</u>) contra o Acordo de finalización da Terminación Convencional ditada pola Subdirección de Investigación o 20 de abril de 2023 no Expediente <u>S 14/23018</u>- Licitación Urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo. En concreto, con data 5 de maio de 2023, <u>UNIÓN VANTAXE</u> presentou escrito polo que interpoñía recurso do art. 47 <u>LDC</u> contra a adopción do Acordo de finalización da Terminación Convencional ditada pola <u>SUBDIC</u>. No devandito acordo, a <u>SUBDIC</u> poñía fin ao trámite de Terminación Convencional solicitada por <u>UNIÓN VANTAXE</u>, rexeitaba os compromisos propostos polas partes por consideralos non proporcionados e insuficientes, levantaba a suspensión provisional do prazo máximo para ditar resolución e fixaba o novo prazo máximo para ditar Resolución. Con data 19 de xuño de 2023, o Pleno da <u>CGC</u> unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á <u>SUBDIC</u> para que, conforme ao previsto no art. 47 <u>LDC</u>, remitise no prazo de cinco días copia do expediente, así coma o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (<u>RDC</u>). Así mesmo, acordou que unha vez recibido o referido expediente se lle dese traslado aos interesados do mesmo e do recurso. Con data 4 de xullo de 2023, a <u>SUBDIC</u> remitiu ao Pleno o Informe, así como copia			

completa do expediente. No devandito Informe, a SUBDIC considera axustado a dereito propoñer a desestimación do recurso, xa que non se ocasionou indefensión nin producido prexuízos irreparables a dereitos ou intereses lexítimos do recorrente, co que o recurso interposto por UNIÓN VANTAXE non reuniría os requisitos esixidos polo art. 47 LDC, e, en consecuencia, debe ser inadmitido de plano. En primeiro lugar, UNIÓN VANTAXE solicita a anulación do Acordo de Terminación Convencional (TC) por alegar indefensión, ao considerar que dita TC está vinculada a dous actos nulos, a Proposta de Resolución do 27 de outubro, que sinalan foi anulada pola Subdirección da CGC e a Proposta de Resolución do 3 de novembro, que indican que foi anulada polo Pleno da CGC.

O Pleno da CGC considera que, neste caso, os motivos aducidos polo recorrente non son a imposibilidade de defenderse en termos reais e efectivos, así como tampouco se produciu un menoscabo real e efectivo no seu dereito á defensa nin que se obviou a tramitación legal prevista do procedemento de TC. O que UNIÓN VANTAXE considera que foi un suposto de indefensión, e que xustifica a posibilidade de presentar este recurso do art. 47 LDC, é que no devandito Acordo a SUBDIC comparte as observacións formuladas pola CNMC contra a admisión da TC e que nesas observacións a CNMC cita unha Proposta de Resolución do 27 de febreiro de 2022, que sinala que foi anulada. Este motivo non garda relación algunha cunha situación de indefensión que produza un real e efectivo menoscabo do dereito de defensa por parte de UNIÓN VANTAXE, xa que como sinala a SUBDIC no seu informe, en caso de ser certos estes feitos, poderán ser incluídos no recurso contra a resolución ditada pola CGC, pero non o poden ser pola vía do especial recurso do art.47 LDC, que só admite como causas de interposición do mesmo a indefensión ou o prexuízo irreparable dos actos recorridos e non por calquera outro motivo.

En segundo lugar, alega UNIÓN VANTAXE a existencia de indefensión por considerar que as terminacións convencionais dos expedientes da CGC teñen para ésta carácter vinculante como precedente administrativo, e neste sentido afirman que o Asunto Emprego de Lugo vincula á SUBDIC, a cal debeu resolver neste Expediente da mesma maneira: aceptando a terminación convencional.

De acordo co Tribunal Constitucional, a indefensión prodúcese cando o interesado non tivo a posibilidade de defenderse en termos reais e efectivos ou cando se chegou a producir efectivo e real menoscabo do dereito de defensa. O Pleno da CGC considera que non parece que a alegación de apartarse dun precedente produza estes efectos, nin pode cualificarse como un suposto de indefensión. Ademais, UNIÓN VANTAXE puido defender os seus intereses, como o fixo ao presentar ata tres recursos do art. 47 da LDC ou ao exercer a súa actividade de contradición fronte á actuación da SUBDIC, ademais o recorrente puido acceder ao expediente, propoñer proba, solicitou a terminación do expediente por terminación convencional que se tramitou.

Así mesmo, o procedemento de terminación convencional desenvolveuse por completo de conformidade co leito legal e regulamentariamente establecido tanto no art. 52 LDC como no art. 39 RDC. O Pleno tamén rexeita o carácter vinculante que para a SUBDIC ten unha anterior Terminación Convencional e que, en caso de non ser así, se orixine unha situación de indefensión. Por todo iso, o recurso interposto por UNIÓN VANTAXE é desestimado.

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
6/2023	Artigo 1 da LDC	27/09/2023	Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo
INICIO	Por denuncia ante a CNMC		
FINAL	Sanción	IMPORTE	-CIVIS GLOBAL, S.L.U.: 203.861,84 € -OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A.: 922.990,94 € -AVAN INTEGRAL, S.L.: 3.885,51 € -C.D. INDEPO, S.L.U. (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.): 13.366,34 € -GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A.: 34.515,71 € -HIDROMIÑO, S.L.U. (na actualidade, LUZVIPROM, S.L.): 84,66 € -UNIÓN VANTAXE, S.L.: 15.730,77 €
EXTRACTO			
En data 11 de xullo de 2018, a directora de Contratación e Asesoría Xurídica do Consorcio da Zona Franca de Vigo presentou denuncia contra <u>CIVIS GLOBAL, S.L.U.</u>; <u>C.D. INDEPO, S.L.U.</u>; <u>HIDROMIÑO, S.L.U.</u>; <u>AVAN INTEGRAL, S.L.</u>, por presuntas prácticas prohibidas pola <u>LDC</u>, ante a <u>CNMC</u>. Con data 3 de setembro de 2018, a Directora de Competencia da <u>CNMC</u> remitiu á <u>SUBDIC</u>, proposta de asignación do expediente, ao considerar, conforme aos criterios de asignación previstos na Lei 1/2002, que os feitos denunciados afectarían unicamente á competencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que afecte a un ámbito superior ao da devandita Comunidade Autónoma, nin ao conxunto do territorio nacional, criterio que foi compartido pola <u>SUBDIC</u> da <u>CGC</u>. Asignada a competencia á Comisión Galega da Competencia, a <u>SUBDIC</u> iniciou, ao amparo do artigo 49.2 <u>LDC</u>, unha información reservada. Tras os oportunos trámites no procedemento, o 27 de setembro de 2023, o Pleno da <u>CGC</u> ditou resolución no marco do expediente sancionador. A resolución ten por			

obxecto determinar a posible colusión entre licitadores nunha licitación pública - licitación mediante procedemento aberto do expediente identificado como OBR/17/14 "Obras de urbanización da área Loxística Empresarial (LLE) na PLISAN (primeira fase execución)" cun orzamento base de licitación de 10.135.981,92 € (IVE non incluído)- que é un dos exemplos de cártel que se inclúen na definición que desta modalidade de conduta colusoria se menciona na Disposición adicional 4.2 da LDC ao referirse ás "colusións en licitacións", que é, deste xeito, unha das condutas prohibidas polo artigo 1 LDC. As empresas denunciadas CIVIS GLOBAL, S.L.U.; OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. (OHLA); AVAN INTEGRAL, S.L.; C.D. INDEPO, S.L.U. (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.); GEVORA CONSTRUCCIÓNS, S.A.; HIDROMIÑO, S.L.U. (na actualidade, LUZVIPROM, S.L.U.), concorreron á devandita licitación da seguinte maneira:

- a) CIVIS GLOBAL, S.L.U., presentou a súa oferta de forma individual.
- b) As empresas OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. (OHLA) e AVAN INTEGRAL, S.L. concorreron en compromiso de UTE ao 50%
- c) As empresas C.D. INDEPO, S.L.U. (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.); GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. e HIDROMIÑO, S.L.U. (na actualidade, LUZVIPROM, S.L.U.), concorreron en compromiso de UTE ao 40%, 20% y 40% respectivamente (UTE C.D. INDEPO, S.L.U.- GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. HIDROMIÑO, S.L.U.);

A outra empresa denunciada UNIÓN VANTAXE, S.L., é a matriz das empresas CIVIS GLOBAL, S.L.U., AVAN INTEGRAL, S.L., C.D. INDEPO, S.L.U. (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.) e HIDROMIÑO, S.L.U. (na actualidade, LUZVIPROM, S.L.U.) que concorreron á licitación ou ben de forma individual (CIVIS GLOBAL) ou a través de UTEs (AVAN INTEGRAL nunha UTE e C.D. INDEPO e HIDROMIÑO na segunda UTE).

O Pleno da CGC considera que do exame da actuación na licitación das empresas denunciadas, das súas declaracións no expediente, do obtido na solicitude de información ás empresas denunciadas, da Proposta de Resolución da Subdirección de Investigación, do exame da documentación do expediente e da achegada nas alegacións á proposta de Resolución pódese deducir, sen ningunha dúbida razoable,

que as empresas denunciadas cometeron un ilícito anticompetitivo incluído no suposto do art. 1 da LDC respecto da licitación das Obras de urbanización da área Loxística Empresarial (LLE) na PLISAN (primeira fase execución), xa que dos feitos probados acredítase unha actuación coordinada das sete empresas, de tal maneira que non actuaron de forma autónoma e independente na referida licitación, o que supuxo unha perda da tensión competitiva que debe de presidir toda licitación pública e un dano á administración convocante xa que perdeu as vantaxes que se derivarían da existencia dunha verdadeira competencia entre todos os concorrentes a esa licitación.

En particular, pódense acreditar os seguintes feitos como indiciarios da conduta ilícita das empresas denunciadas:

PRIMEIRO. - Examinando as ofertas técnicas presentadas pola UTE C.D. INDEPO, S.L.U.- GEVORA CONSTRUCCIÓNS, S.A.-HIDROMIÑO, S.L.U, pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. e pola UTE OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.-AVAN INTEGRAL, S.L. pódese constatar a total identidade das mesma. Nas tres ofertas se presentaron documentos idénticos coa única diferenza do nome do presentante. Isto implicaría que as denunciadas terían a seguridade de obter a mesma valoración na documentación técnica subxectiva por parte da mesa de contratación, como así sucedeu e aparece na acta da Mesa de contratación do 14 de marzo de 2018.

SEGUNDO.- A evidencia da identidade foi tan clara que a mesa de contratación de CZF detectouno e denunciou.

TERCEIRO.- Do exame das tres ofertas técnicas presentadas obsérvase que a "táboa que mostra o resumo de actividades sometidas a inspección de calidade (P.P.ls) a aplicar na obra, tanto en control interno como o control de calidade externo" que presentan en todas elas é a da empresa "CIVISGLOBAL". A coincidencia desta táboa nas tres ofertas é un claro indicio de que as empresas non elaboraron as ofertas de forma independente, senón

que compartiron información á hora de presentar todas elas a mesma táboa que era a dunha das empresas que se presentaba á licitación.

CUARTO.- Non é explicable que a UTE OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.-AVAN INTEGRAL, S.L. puidese asinar unha oferta nunha licitación dunha obra dunha contía tan elevada como a que fora convocada polo CZF de Vigo declarando que podería reducir os tempos necesarios para os trámites previos ao comezo da obra, ao dispoñer xa de "toda a información", de servizos afectados e permisos e autorizacións necesarias ao "executar a obra anterior de sistemas xerais da PLISAN", cando sabía que isto non era certo, xa que nin OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. nin a outra empresa da UTE, AVAN INTEGRAL, foran adxudicatarias desa licitación. Non é explicable nin sequera que tratasen de xustificalo dicindo que se querían referir a que fora adxudicataria desa obra unha empresa do Grupo CIVIS GLOBAL. Non é explicable incluír na oferta unha declaración de tal natureza, salvo que sexa consecuencia dunha actuación coordinada das empresas na presentación das ofertas, que poñerían en común non só a elaboración e presentación das mesmas senón tamén a información relativa a servizos afectados e permisos e autorizacións necesarias da que dispoñía CIVIS GLOBAL.

QUINTO.- As tres ofertas se presentaron no Rexistro de CZF de maneira sucesiva.

SEXTO.- As ofertas de tres operadores teoricamente competidores, foron presentadas no Rexistro do CZF de Vigo por unha mesma persoa o cal é un indicio de concertación entre as denunciadas.

SÉTIMO.- Non aparece xustificada, nin desde o punto de vista da teoría da necesidade obxectiva nin desde o punto de vista da razoabilidade empresarial a UTE formada por OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.-AVAN INTEGRAL, S.L.

OITAVO.- A empresa AVAN INTEGRAL dispoñía da clasificación esixida no

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para poder presentarse á licitación, polo que por S.L. soa podería presentarse á mesma. Se a empresa AVAN INTEGRAL dispoñía da clasificación para poder presentarse, chama a atención que as empresas do Grupo UNIÓN VANTAXE que querían concorrer á licitación e que carecían da clasificación para facelo por si soas (é dicir, C.D. INDEPO, S.L.U., - HIDROMIÑO, S.L.U.) non o fixesen en UTE coa outra empresa do grupo (AVAN INTEGRAL) que, segundo o que manifestaron ao órgano de contratación, tiña esa clasificación. En lugar diso concorreron de forma separada en dúas UTES con empresas terceiras alleas ao grupo UNIÓN VANTAXE.

NOVENO.- As propias declaracións das empresas investigadas poñen de manifesto indicios de prácticas colusorias de concertación na presentación de ofertas na licitación.

DÉCIMO.- A documentación presentada pola UTE OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.-AVAN INTEGRAL pon tamén de manifesto esa coordinación na actuación das empresas denunciadas.

Así pois, o Pleno conclúe que:

- a) Existe unha ampla e numerosa cantidade de indicios acreditados que aparecen descritos nos puntos anteriores;
- b) A participación neles das empresas denunciadas é evidente e recoñecida nalgún caso polas propias empresas.
- c) Existe unha ligazón precisa e directa entre eses indicios e a infracción que segundo as regras do criterio humano é claro;
- d) A existencia dun nexo causal entre os feitos executados polas empresas e a infracción foi acreditada

Polo tanto, a conclusión razoada que é posible extraer é que as ofertas presentadas por CIVIS GLOBAL, S.L.U., a UTE OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.-AVAN INTEGRAL S.L.

e a UTE C.D.INDEPO S.L.U.-GEVORA CONSTRUCCIÓN S.A.- HIDROMIÑO S.L.U., aínda que formalmente se presentaron como independentes non foron nin independentes nin autónomas, e esa falta de independencia e autonomía tivo como causa unha evidente concertación de vontades entre elas, perseguindo unha vontade de maximizar as súas expectativas para gañar a licitación fronte a outras ofertas que non actuaron dese modo coordinado.

Este comportamento tiña un obxectivo claro: facer desaparecer a incerteza que é inherente a todo proceso competitivo e substituíla por acordos entre competidores, compartindo entre eles información e ofertas, de tal maneira que as empresas denunciadas, ao presentar de forma coordinada unha mesma oferta, serían elas as que decidirían cal das tres obtería unha mellor puntuación e, no seu caso, sería adxudicatario da licitación, de tal maneira que conseguirían neutralizar e substituír a decisión que corresponde tomar ao órgano de contratación, xa que ao predeterminar, con esa actuación, a valoración e posición que nesa licitación terían cada un deses tres operadores, permitiríalles converterse en poder adxudicador substituíndo con iso á administración convocante.

Esta actuación concertada das dúas UTEs e da empresa CIVIS GLOBAL perseguía unha finalidade que razoablemente non pode ser outra que a de obter unha vantaxe competitiva ilícita contraria á normativa de competencia e sancionable por infrinxir o artigo 1 LDC, o que acredita un evidente carácter nocivo para o xogo da libre competencia nesa licitación pública.

Por todo iso, nesta resolución, o Pleno da CGC declara acreditada a existencia dunha conduta prohibida polo artigo 1 LDC, constitutiva de infracción, producida no marco do procedemento de contratación pública, promovido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo mediante procedemento aberto, identificado como OBR/17/14 "Obras de urbanización da área Loxística Empresarial (LLE) na PLISAN (primeira fase de execución)". Dita conduta prohibida tipifícase, para os efectos da determinación da sanción, como infracción moi grave, do artigo 62.1 letra a) LDC.

En consecuencia, declara responsables da devandita infracción ás seguintes empresas, impoñéndolles a correspondente sanción económica e a prohibición de

contratar:

- CIVIS GLOBAL, S.L.U.
- As empresas OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A. e AVAN INTEGRAL, S.L., que concorriron en compromiso de UTE ao 50% (UTE OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A.- AVAN INTEGRAL, S.L.)
- As empresas C.D. INDEPO, S.L.U. (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.); GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A., e HIDROMIÑO, S.L.U. (na actualidade, LUZVIPROM, S.L.U.), que concorriron en compromiso de UTE ao 40%, 20% e 40% respectivamente (UTE C.D. INDEPO, S.L.U.- GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A. HIDROMIÑO, S.L.U.)
- UNIÓN VANTAXE, S.L., como matriz das empresas CIVIS GLOBAL, S.L.U., AVAN INTEGRAL, S.L., C.D. INDEPO, S.L.U. (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.). e HIDROMIÑO, S.L.U (na actualidade, LUZVIPROM, S.L.U.)

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
7/2023	Recurso Administrativo	28/12/2023	Incoación 1 Monbus- Transporte de viajeros por carretera 2: UTES
INICIO	Recurso presentado por GRUPO AUTOCARES MONBUS S.L, contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia do 23 de outubro de 2023 pola que se acordou a incoación do expediente sancionador ao GRUPO MONBUS en relación co expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES		
FINAL	Desestimación	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Pola mesma resólvese o recurso interposto por GRUPO AUTOCARES MONBUS S.L, contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia do 23 de outubro de 2023 pola que se acordou a incoación do expediente sancionador ao GRUPO MONBUS en relación co expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES En concreto, con data 7 de novembro de 2023, os representantes do GRUPO AUTOCARES MONBUS S.L. presentaron escrito polo que interpoñían recurso do art. 47 da Lei de Defensa da Competencia (LDC) contra a adopción do acordo da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (en diante SUBDIC) do 23 de outubro de 2023 polo que se acordou a incoación de expediente sancionador ao GRUPO MONBUS en relación co expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES ao mesmo tempo que solicitaron ao Pleno que acordase a suspensión do procedemento administrativo ata que se resolvese o recurso interposto, ordenando á Subdirección de Investigación que se abstivese de levar a cabo calquera acto de instrución. Con data 14 de novembro de 2023 o Pleno da CGC unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á Subdirección de Investigación para que conforme ao previsto no art. 47 da LDC remitise no prazo de cinco días copia do expediente S 1/2023 -Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES así como o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia. Así mesmo acordou que unha vez recibido o			

referido expediente se lle dese traslado do mesmo aos interesados e do recurso conforme ao previsto no art. 47 da LDC e o art. 24 do RDC.

Coa mesma data do 14 de novembro o Pleno tamén acordou rexeitar a solicitude de GRUPO AUTOCARES MONBUS S.L. de suspender o procedemento administrativo ata que se resolvese o recurso interposto.

Alegaba MONBUS no seu escrito indefensión e prexuízo irreparable aos seus dereitos ou intereses lexítimos, pero tamén a quebra do dereito á presunción de inocencia, a vulneración dos principios de seguridade xurídica e legalidade, a contravención do principio de legalidade por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (en diante TSX de Galicia) ao transgredir éste os límites, legal e xurisprudencialmente establecidos das súas potestades e, mesmo, alega a vulneración do art. 49.1 da LDC. Así consideraba MONBUS que o Acordo de Incoación ditado en execución da sentenza do TSX de Galicia predeterminaba a culpabilidade da devandita empresa, causándolle indefensión, tendo en conta que lle privaba da posibilidade de defenderse adecuadamente tanto na fase previa á incoación do procedemento, como no procedemento sancionador que se iniciaba e nos eventuais recursos que contra a resolución ser puidesen interpoñer. Alegaba tamén o acordo de incoación da Subdirección de Investigación da CGC crebaba o dereito á presunción de inocencia do art. 24.2 da Constitución xa que devandito acordo, ditado en execución da sentenza do TSX de Galicia do 10 de marzo de 2023, predetermina a culpabilidade da empresa o que lle causa indefensión. Así consideraba que a incoación do procedemento sancionador en execución da referida sentenza, vulneraba o artigo 24.2 CE porque estimaba que a sentenza do TSX de Galicia cualificara a conduta de MONBUS como colusoria, o que lle privaba da posibilidade de defenderse de forma efectiva durante o procedemento sancionador que se inicia con esa incoación e que se tramitase pola CGC, porque consideraba que está predeterminado o seu resultado final. Alegaba tamén que dita incoación lle produciría prexuízos irreparables coma o reservar e dedicar unha "(...) parte relevante do seu orzamento para defenderse no procedemento a pesar de que o resultado quedou predeterminado pola sentenza do TSX de Galicia" e que sufriría "(...) graves danos reputacionais que afectarán á súa relación con provedores, clientes, colaboradores e empregados e mesmo, potencialmente, danos económicos que poderían derivar da perda servizos sen ter oportunidade real de defenderse porque o

resultado do procedemento vén xa predeterminado pola sentenza do TSX de Galicia". A Subdirección de Investigación (SUBDIC) propuxo que o recurso fose rexeitado de plano xa que indico que se limitou a cumprir o fallo da sentenza 83/2023, do 10 de marzo, ditada pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lembrando que esa sentenza deveu firme.

Nas posteriores alegacións da empresa ao informe da SUBDIC e posta ao dispor do expediente sinala que o acordo recorrido materializa unha extralimitación competencial ilegal e vulnera o dereito fundamental á presunción de inocencia da empresa e así sinala que o TSX de Galicia ao asumir como propia a competencia de incoar un expediente sancionador e declarar a existencia dunha infracción quebrantou os principios de legalidade e de seguridade xurídica polo que consideraba que o devandito Tribunal incorreu nunha "(...) ilegalidade flagrante e contraria a pronunciamentos reiterados tanto da Audiencia Nacional como do Tribunal Supremo." Conclúe considerando que o acordo de incoación viola a presunción de inocencia e supón unha transgresión do principio de legalidade e seguridade xurídica. Non alega neste escrito nin indefensión nin prexuízo irreparable.

O Pleno sinala na súa Resolución que non estamos, pois, ante os recursos regulados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, senón ante o único recurso administrativo previsto pola LDC contra os actos ditados polo órgano instructor en materia de defensa da competencia (neste caso, a SUBDIC). O artigo 47 da LDC regula o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Indica que o Tribunal Supremo na súa sentenza do 30 de setembro de 2013 advirte de que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Investigación deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos ou acordos que se recorren poidan causar a dereitos ou intereses lexítimos, e non en ningún outro motivo.

Na Resolución o Pleno aclara que a cuestión que será debatida neste recurso é a de se o acordo de incoación adoptado pola SUBDIC produciu indefensión ou un prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos ao recorrente xa que, como sinalou o TS na súa sentenza do 30 de setembro de 2013, o recurso previsto no art. 47 LDC "(...) non se

trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos". Sinala por iso o Pleno que non lle corresponde desenvolver funcións que son propias do Poder Xudicial nin, desde logo, revisar o contido dunha sentenza xudicial firme nin debater sobre a posibilidade de adoptar acordos contrarios á execución dunha sentenza firme. Por iso indica que non serán obxecto de resposta na Resolución cuestións expostas no escrito que son totalmente alleas ao contido dun recurso do art.47 da LDC como, por exemplo, o que titula como "Contravención do principio de legalidade por parte do TSX de Galicia ao transgredir os límites, legal e xurisprudencialmente establecidos das súas potestades.", nin a valoración que fai da sentenza do TSX de Galicia do 10 de marzo de 2023 que considera que desatende os límites competenciais legalmente establecidos e a Xurisprudencia do TS que veta a posibilidade de que o órgano xudicial determine os feitos probados e determine o contido do Acordo de Incoación nin tampouco se o cumprimento dunha sentenza constitúe unha transgresión do principio de legalidade do art. 25.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Na Resolución o Pleno da CGC considera que, examinando o contido do recurso, a empresa alega indefensión pola execución por parte da SUBDIC da sentenza do TSX de Galicia do 10 de marzo de 2023. Sinala a Resolución que é evidente que nun Estado de Dereito as sentenzas deben de cumprirse, e indica que iso é o que realizou a SUBDIC ao incoar o expediente, dando con iso cumprimento ao previsto no art. 118 do noso texto constitucional. Sinala que non corresponde á SUBDIC realizar unha revisión do contido dunha sentenza firme do TSX de Galicia que ordena incoar un expediente sancionador, xa que como a propia SUBDIC recolle no seu informe "(...) limitouse a cumprir o fallo da sentenza 83/2023, do 10 de marzo, ditada pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia". Sinala o Pleno na Resolución que o que non sería admisible sería a adopción do acordo por parte da SUBDIC de non incoar e archivar este expediente incumprindo unha sentenza firme que ordena expresamente a súa incoación.

Lembra a Resolución que unha vez executada a sentenza e incoado o expediente, a empresa goza de tódolos dereitos que lle recoñecen a normativa durante a fase de instrución do expediente de tal maneira dispoñerá e poderá exercer os trámites de

alegación e proba nun procedemento tramitado de acordo coa lei, como, por exemplo, a posibilidade de expor este recurso pola vía do art. 47 da LDC.

Tampouco considera a Resolución como argumento para poder estimar a existencia de indefensión, que o Acordo de Incoación adoptado pola SUBDIC o 23 de outubro de 2023 (en execución dunha sentenza firme) vaia a privar á empresa da posibilidade de exercitar no futuro os seus dereitos de defensa. Lembra que para que exista indefensión é necesario “unha privación, limitación, menoscabo ou negación real, efectiva e actual do dereito de defensa, nunca potencial ou abstracta, isto é, unha indefensión material” STC 15/1995, do 24 de xaneiro de 1995. Indica a Resolución que a posibilidade de que o acordo de incoación pode producir indefensión non é admitida pola xurisprudencia do Tribunal Supremo.

En canto ao segundo dos requisitos esixidos polo artigo 47 LDC para que puidese prosperar o recurso, isto é, a existencia dun prexuízo irreparable cabe lembrar que o Tribunal Constitucional entende que é “aquel que provoque o restablecemento do recorrente no dereito constitucional vulnerado sexa tardío e impida a súa efectiva restauración” (por todos, ATC 79/2009, do 9 de marzo de 2009). Sinala a Resolución que destes argumentos non se xustifica prexuízo algún que sexa irreparable e só indica como tales os que son derivados da incoación de calquera expediente sancionador en calquera tipo de procedemento. Rexeitada por este motivo esta alegación sinala a Resolución que a empresa MONBUS nin sequera indica, así como tampouco acredita, que parte do orzamento total da empresa se dedicará a esa defensa, non achega que contía en euros supoñerá, non achega orzamentos nin a desagregación deses gastos, non explica como determina a condición de “relevante” deses gastos en relación co seu orzamento, non achega documentación algunha de orzamentos alternativos solicitados pola empresa para eses gastos. Soamente realiza esa afirmación pero sen achegar proba nin documentación algunha. Tampouco indica as razóns e argumentos empregados polos responsables desa empresa que lles levaron a dedicar unha parte “relevante” (pero descoñecida) do seu orzamento á defensa.

Por todos os argumentos expostos considera o Pleno que estas alegacións deben de ser rexeitadas.

EXPEDIENTES			
Nº	TIPO	FECHA RESOLUCIÓN	NOMBRE
8/2023	Recurso do Art. 47 da Lei 15/2007	26/12/2023	INCOACIÓN 2 ALSA no Expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES
INICIO	Recurso presentado por ALSA S.L, contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia de 23 de outubro de 2023 pola que se acordou a incoación do expediente sancionador ao GRUPO ALSA en relación co expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTE		
FINAL	Denegación	IMPORTE	N/A
EXTRACTO			
Resolución pola que se resolve o recurso interposto por ALSA GRUPO S.L, contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia do 23 de outubro de 2023 pola que se acordou a incoación do expediente sancionador ao ALSA GRUPO en relación co expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES Con data 7 de novembro de 2023 ALSA GRUPO, S.L., presenta escrito polo que interpoñía recurso do artigo 47 da Lei de Defensa da Competencia (LDC) contra a adopción do acordo da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia do 23 de outubro de 2023, polo que se acordou a incoación do expediente sancionador a ALSA en relación co expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES. No Outrosí Digo do referido recurso ALSA GRUPO, S.L. solicitou a este Pleno a suspensión cautelar do procedemento sancionador e que ordenase á Subdirección de Investigación que non leva a cabo ningunha actuación de investigación ata que se resolvese o recurso. Con data 14 de novembro de 2023, o Pleno da CGC, unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á SUBDIC para que conforme ao previsto no artigo 47 da LDC remitise no prazo de cinco días copia do expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES, así como o Informe previsto no			

artigo 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (en diante RDC). Así mesmo, acordouse que unha vez recibido o expediente se lle dese traslado aos interesados do mesmo e do recurso conforme ao previsto no artigo 47 da LDC e o artigo 24 de RDC. Na mesma data, o Pleno da CGC tamén acordou rexeitar a solicitude de ALSA de suspender o procedemento administrativo ata que se resolvese o recurso interposto. Devanditos acordos foron notificados aos interesados.

Con data 23 de novembro de 2023, a SUBDIC remitiu ao Pleno o Informe previsto no artigo 24 do RDC, así como copia do expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES, que foi notificado e posto ao dispor dos interesados.

Con data 20 de decembro de 2023 TRAVESO CONSULTORES DE XESTIÓN E SOFTWARE DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS SL presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC do 23 de novembro de 2023. Con data 20 de decembro de 2023, ALSA presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC do 23 de novembro de 2023. Con data 28 de decembro de 2023 o Pleno reuniuse para deliberar e aprobar a Resolución.

ALSA solicita que se estime o recurso e se anule o Acordo de Incoación do procedemento sancionador seguido con referencia ao Expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES. Sinala expresamente ALSA no seu escrito que: "(...) o Acordo de Incoación causa indefensión e un grave prexuízo irreparable a ALSA, polo que debe ser anulado, ordenando a retroacción das actuacións a fin de que prosiga a información reservada". En segundo lugar, alega ALSA que o TSX de Galicia infrinxiu o principio de legalidade consagrado no artigo 25.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), xa que invadiu as competencias atribuídas á CGC, asumindo ditas competencias como propias, ao ordenar a incoación do procedemento sancionador. Ademais, ALSA sostén no seu recurso que o Acordo de Incoación tamén infrinxe o principio de seguridade xurídica do artigo 9.3 CE, que o Acordo de Incoación vulnera o artigo 49 da LDC ao ordenar a iniciación do expediente sen existir indicios racionais de infracción.

A Subdirección de Investigación (SUBDIC) propón que debe ser o recurso rexeitado de plano, xa que sinala que "(...) se limitou a cumprir o fallo da Sentenza 83/2023, do 10 de marzo, ditada pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia" e lembra que esa sentenza deveu firme por canto os recursos de casación interpostos por ALSA e MONBUS foron inadmitidos pola Sala do Contencioso do Tribunal Supremo.

Por considerar que a sentenza firme do TSX de Galicia do 10 de marzo de 2023 infrinxe o principio de legalidade, solicita ALSA ao Pleno da CGC que, obviando a súa obrigaón de executar unha sentenza firme, acorde a estimación do recurso e que o expediente se peche co arquivo do mesmo.

O recurso de ALSA incide na idea de que a CGC podería adoptar unha decisión distinta ao ordenado polo TSX de Galicia na sentenza firme e non corresponderá ao Pleno nin desenvolver funcións que son propias do Poder Xudicial nin, desde logo, revisar o contido dunha sentenza xudicial firme nin debater sobre a posibilidade de adoptar acordos contrarios á execución dunha sentenza firme.

Referente á indefensión hai que sinalar que unha vez executada a sentenza e incoado o expediente sancionador, a empresa ALSA goza de tódolos dereitos que se lle recoñecen na normativa durante a fase de instrución do expediente de tal maneira dispoñerá e poderá exercer os trámites de alegación e proba nun procedemento tramitado de acordo coa lei; o feito de que ALSA puidese presentar este recurso e presentar alegacións pon de manifesto que non houbo, en ningún momento, limitación do seu dereito de defensa e que, por tanto, a recorrente puido defenderse en termos reais e efectivos. Por iso, o acordo de incoación, ao iniciar formalmente a tramitación do expediente, garante a ALSA a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos. Así mesmo, este acordo de incoación pode conducir á emisión do prego de concreción de feitos, previsto no art. 50.3 da LDC, e da proposta de resolución, prevista no artigo 50.4 da LDC, fronte ás cales ALSA poderá alegar o que estime oportuno para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos. Tampouco pode considerarse como argumento para poder estimar a existencia de indefensión, que o Acordo de Incoación adoptado pola SUBDIC o 23 de outubro de 2023 -en execución dunha sentenza firme- vaia a privar no futuro a ALSA da posibilidade de exercitar os

seus dereitos de defensa.

En canto ao segundo dos requisitos esixidos polo artigo 47 LDC sinala a Resolución que para que puidese prosperar o recurso, isto é, a existencia dun prexuízo irreparable que alega e que considera como tales que terá que investir grandes cantidades de recursos económicos e persoais na súa defensa e que sufrirá un prexuízo evidente na reputación do grupo durante o período de tramitación do procedemento, que xerará unha perda de confianza e lealdade por parte de empregados, clientes públicos e privados e socios comerciais, o cal ten repercusións moito máis alá das licitacións de transporte público de viaxeiros por estrada en Galicia. O Pleno estima que os prexuízos resaltados por ALSA non merecen a cualificación de irreparables, pois trátase das consecuencias derivadas da incoación de calquera expediente sancionador en toda clase de procedementos.

Por iso a Resolución resolveu desestimar o recurso presentado por ALSA GRUPO, S.L., contra o Acordo de Incoación de procedemento sancionador ditado pola Subdirección de Investigación o 23 de outubro de 2023 no Expediente S 1/2023 - Transporte de viaxeiros por estrada 2: UTES.

3. Revisión xudicial das actuacións da CGC

1º.- A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza (TSX) de Galicia do 10 de marzo de 2023 estimou o recurso contencioso-administrativo interposto por TRAVIESO SOFTWARE TRANSPORTE DE VIAXEIROS, S.L., contra a Resolución do Pleno da CGC do 22 de outubro de 2021, no expediente IR 11/2020, IR 12/2020, IR 21/2020, IR 7/2021, Transporte de Viaxeiros por Estrada 2: UTEs, declarando a súa nulidade.

En concreto, a Sección 3 da Sala do contencioso do TSX de Galicia considerou que dita Resolución infrinxía os artigos 36, 49 e 50 da LDC e 28 do RDC, en relación co artigo 1 da LDC. Por iso, declara a nulidade desta Resolución e ordena a devolución do expediente á CGC, a fin de que incoe procedemento sancionador contra ALSA e MONBUS, polos indicios de poderse repartir o mercado ao concorrer ao concurso a través de UTE. Recorrida ante o TS, non foi admitido o recurso con data 4 de outubro de 2023

2º.- A Sentenza do TSX de Galicia do 28 de abril de 2023 desestimou o recurso contencioso-administrativo presentado por LACERA SERVICIOS E MANTEMENTO, S.A., contra a Resolución 3/2021 da CGC, do 11 de novembro de 2021, pola que se declara acreditada a comisión dunha infracción do art. 3 da LDC, e, en consecuencia, confirmou integramente dita Resolución por resultar conforme a Dereito, así como a sanción imposta pola CGC á empresa de 175.413,75 euros e a prohibición de contratar cuxo alcance e duración se determinara pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- A Sentenza do TSX de Galicia do 19 de xullo de 2023 desestima o recurso contencioso-administrativo presentado por ELIAS JADRAQUE S.A contra a Resolución da CGC, do 30 de decembro de 2021, no expediente "S/2/2020 LICITACIÓN Suministro USC", confirmando dita Resolución por ser conforme a Dereito.

En particular, a Sala rexeita as pretensións do recorrente ao entender, en primeiro lugar, que queda acreditada unha coincidencia substancial entre os feitos relacionados na proposta de resolución e os que finalmente se declaran probados na definitiva, permitindo ao demandante ao longo do procedemento actuar, alegar e defenderse en

relación cos feitos que resultaron finalmente relevantes para cualificar a conduta como típica, é dicir, descrita pola norma como práctica colusoria. Ademais, sostén que debe descartarse que os feitos acreditados como indicios teñan unha explicación racional conforme ao criterio humano diferente da concertación entre os responsables das empresas, ao non funcionar o criterio de parentesco como un elemento que permita descartar esa conexión, e en consecuencia concorren os caracteres ordinarios sobre os que inferir unha práctica de concertación como é a información relevante das empresas competidoras en relación ao procedemento de licitación. Doutra banda, partindo do feito acreditado e recoñecido de participación do demandante no lugar do representante da empresa competidora, débese concluír que hai unha participación directa nos feitos que integran a práctica colusoria. Por último, considera que a sanción imposta pola CGC cumpre o principio de proporcionalidade.

Declárase acreditada a comisión dunha infracción do art. 1 da LDC, e, en consecuencia, confirmou integramente dita Resolución por resultar conforme a Dereito.

Na devandita resolución impuxéronse as seguintes sancións:

- MONTEVERDE EQUIPAMENTOS, SL 16.652,06 euros
- ELÍAS JADRAQUE, SA 70.586,06 euros.
- D. IGNACIO JADRAQUE SÁNCHEZ, Administrador único da empresa MONTEVERDE EQUIPAMENTOS 12.000,00€
- D. ELÍAS JADRAQUE ASENJO, Administrador único da empresa ELÍAS JADRAQUE, SA: 12.000,00€.

